



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte de xaneiro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Interventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de xaneiro de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MONTAXE DE ASENTOS INDIVIDUAIS CON RESPALDO PREGABLE PARA AS BANCADAS SUPLETORIAS DO PAZO PROVINCIAL DOS DEPORTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente 2022/CON_02/000084 de contratación da subministración, instalación e montaxe de asentos individuais con respaldo pregable para as bancadas supletorias do Pazo Provincial dos Deportes da Deputación provincial de Lugo, consta no mesmo:

1.- Orden de inicio e memoria xustificativa do expediente de contratación, con CSV: IV7BS3IPFIGYJ6FIAFXMKUZCL4¹.

2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7BS3S7BUV5SSG7AP6SK4LO4I.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7BUHY3PZ72ITPNQZPBN4Y76U.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7B4S2OBZM6VHZ36DURIP2TOM.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7B4S24NE6ZTCZPCL4TCLXWAA.

6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7B4TA5DNZSJ5G6UMUMIQXQAU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración, instalación e montaxe de asentos individuais con respaldo pregable para as bancadas supletorias do Pazo Provincial dos Deportes da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación

Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 141.452,31 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 29.704,99 €, o que fai un total de 171.157,30 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 3420.632, do exercicio 2023, segundo consta no informe de consignación da Intervención.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 4 DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Antecedentes:

1. Acordo da Xunta de Goberno do día 18 de agosto de 2020, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV672PCY3DZORKHNU37BCY7AIQ.

2. Acordo da Xunta de Goberno do día 13 de novembro de 2020, relativo á adxudicación do Lote 4 do contrato de servizos precisos para a materialización do Plan de medios da Deputación de Lugo a favor de Canle de Comunicación S.L., con CSV: IV7G63XIGDRNTPVN2P5UF4BX6U.

3. Formalización do contrato, datada o día 09 de decembro de 2020, con CSV: IV7G27P2IEZIJSV5XR7T55S7GI.



4. Escrito presentado o día 02 de decembro de 2022 (RXE nº 2022RT016945) por Galicia Media S.L. e Canle de Comunicación S.L., no que se interesa a cesión do contrato a favor de Galicia Media S.L.

5. Informe do Responsable do contrato, con CSV: IV7BWWHIZUN6VNH7QLWRE47PEU.

6. Acordo da Xunta de Goberno do día 26 de decembro de 2022, polo que se autoriza a cesión contractual, condicionando a súa eficacia ao requisito de que o cesionario aporte no prazo de dez días hábiles a escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

7. Documentación achegada polo cesionario a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, o día 09 de xaneiro de 2023, expediente 2023/PES_03/000544.

8. Consta no expediente certificación da recepción da notificación o día 05 de xaneiro de 2023.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de goberno con data de 26 de decembro de 2022, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3 , baixo a condición da elevación a público do acordo.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 09 de xaneiro de 2023, no que aporta escritura de elevación a público do acordo de cesión expediente 2023/PES_03/000544

Terceira.- Cumprido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Cuarta.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Quinta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en



relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sexta.- Así pois se informa favorablemente o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data de 19 de novembro de 2021.

Polo antedito, propónse que a Xunta de Goberno, previa fiscalización favorable por parte da intervención xeral, adopte o seguinte acordo:

1º.- Dar por cumprimentados ós requisitos impostos con data 26 de decembro de 2022 na autorización da cesión das prestacións determinadas no lote 4 do contrato dos servizos precisos para a materialización do Plan de Medios da Deputación de Lugo, adxudicado á empresa Canle de Comunicación S.L., correspondéndolle á empresa Galicia Media S.L., a execución de traballos por importe de 140.000 € (IVE incluído), correspondentes á anualidade 2023, de conformidade co recollido no informe técnico con CSV: IV7BTXT3LIEC3WJISTQCOYKBIA.

2º.- Proceder á devolución da garantía depositada por Canle de Comunicación S.L. (Nº Operación: 320200012899, Nº de expediente: 2020/PES03/18573).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para construción de Centro de Atención a Persoas Maioras (CAM – Guitiriz).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 11/01/2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AYODKLNOY33XZAFXFD3RAD².

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para construción de Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM – Guitiriz), redactado polo arquitecto D. Antonio de Vega Rodríguez.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7A6XBTLV5NWREOYEGAEH3VAI.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7AZTS5DNMPTTX3ZR5XKD3DG4.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AZTSS3NO7TDZ6A354AMBWEM.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AZT353IRJ3KM3UNXTOPZHLY.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 31/10/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A22BODINLISWJUIO5AFQBP4.

8. Publicación, o día 03/11/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 02/12/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7AHXZ2ZB7JR5M24J45IIKVOM.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que o licitador concorrente presenta a súa proposta dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame do sobre “documentación administrativa”, resultando que presentou a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir a proposta presentada ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez aberto remitiuse ao Servizo de Benestar para que fora revisado, analizado e valorado de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BWG35LME65WU76B4CMPQGAU, reunida en acto público con data 19/12/2022, dando conta do informe do Servizo de Benestar, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	15

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

GUITIRIZ - PROXECTO DE MODIFICACIÓNS E ACTUACIÓNS PARA A RECUPERACIÓN DA CASA DA BOTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM – GUITIRIZ)

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

1.997.695,29	
1.906.890,96	181,608,66

IVE. PARTIDA INDEPEND

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACION EXIGIDA:

C-2-2 /// C-4-3

PRAZO DE EXECUCION:

18 MESES

	EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	OBJETIVOS (75)			CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (55)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (2-3-4) (12)	MELLORAS (VIDEOVIXILANCIA) (SI-NO) (8)	Plantel / Discapacitados
1	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL		1.949.739,00 €	4	si	18/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívoase o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	OBJECTIVOS (80)						XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20)		TOTAL
	PREZO (55)		MELLORAS (...) (12)		SISTEMA VIDEOVIXILANCIA (8)		MEMORIA TÉCNICA (25)		
	OFERTA (INCLUÍDO IVA)	PTOS	AUMENTO PRAZO GARANTIA		SI /NO (8)		SEGUNDO INFORME TÉCNICO		
			02,03,04	PTOS (4-8-12)	SI/NO	PTOS	PTOS		
1	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	1.949.739,00 €	55,00	4	12,00	si	8,00	15,00	90,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	1.949.739,00 €

BAIXA
1.498.271,47

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	TOTAL	
1	CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY SL	90,00

b) Requirir á mercantil Construcciones Jesús Naray SL, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 88.624,50 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co



establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 22/12/2022, con CSV: IV7BWOKMD777ZDRY4IIXEYYP4M, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Construcciones Jesús Naray SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 22/12/2022, rematando o prazo de presentación o día 05/01/2023. A mercantil Construcciones Jesús Naray SL presentou a documentación requirida o 04/01/2023 a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 11/01/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Construcciones Jesús Naray SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Construcciones Jesús Naray SL con C.I.F. B-27156231 representada por D^a María Josefa Rodríguez Paleo, con DNI ***0733**, a contratación da obra denominada GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para construción de Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM – Guitiriz) - GTM: Expte 2022/CON_02/000072, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno de data 31/10/2022, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para

o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, son as seguintes, segundo ten formulada a mercantil Construcciones Jesús Naray SL:

- a. Prezo de adxudicación de 1.949.739,00 €, dos cales 177.249,00€ corresponden ao IVE (10%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 4 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Melloras de obra consistentes na instalación de control e sistema de vídeo vixilancia, coas características definidas nos pregos.
- d. Prazo de execución de 18 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía e a achega o plan de seguridade; de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2. Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.



Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade, con observacións e/ou accións complementarias”, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Construcciones Jesús Naray SL con C.I.F. B-27156231 representada por D^a María Josefa Rodríguez Paleo, con DNI ***0733**, a contratación da obra denominada GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para Construción de Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM – Guitiriz) - (GTM: Expte 2022/CON_02/000072), conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno de data 31/10/2022, baixo a condición suspensiva da efectiva disposición das habilitacións necesarias para o inicio das obras, momento a partir do cal se notificará ó adxudicatario o prazo para formalizar o contrato administrativo.

As condicións da oferta da adxudicataria, a executar unha vez cobre eficacia o acordo de adxudicación e verificados as condicións derivadas da comprobación do replanteo, segundo ten formulada a mercantil Construcciones Jesús Naray SL son as seguintes:

Prezo de adxudicación de 1.949.739,00 €, dos cales 177.249,00€ corresponden ao IVE (10%), de acordo coas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	CAM GUITIRIZ		
	APLICACIÓN	IMPORTE	RC
2022	2315.6500955	192.556,36€	220219/6274
2022		1.290.313,22€	22022/22168
2023		257.412,86€	220229/364
2024	2315.65009	209.456,56€	220229/364
TOTAL		1.949.739,00€	

A Deputación adquire o compromiso, supeditato a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2024 a cantidade indicada nas aplicacións sinaladas.

Aumento do prazo de garantía en 4 anos por enriba do obrigatorio.

Melloras de obra consistentes na instalación de control e sistema de vídeo vixilancia, coas características definidas nos pregos.

Prazo de execución de 18 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o

carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía e a achega o plan de seguridade; de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

6º.- Dar traslado do acordo ao Servizo de Benestar para que unha vez se dispoña das habilitacións necesarias para o inicio das obras e estas se verifiquen, se comunique ao Servizo de Contratación, momento a partir do cal se procederá á notificar ao adxudicatario a data para formalizar o contrato administrativo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.



Primeira.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0101 “Gontán (LU-171) – Ferreira do Valadouro (LU-161)”, P.K. 0+000 a 4+750.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0101 “Gontán (LU-171) – Ferreira do Valadouro (LU-161)”, P.K. 0+000 a 4+750, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0101 “Gontán (LU-171) – Ferreira do Valadouro (LU-161)”, P.K. 0+000 a 4+750, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BWKBIIIDUZXLN3SEAVIVYPEA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7BWKBIABOKKXOYQXX5EIPGGE.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7BWKBJLV46LG4OCMGCEVCUMY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BWOIJHBZPIXM6SQXAGURWKY.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BSGKYL757SS572NXWK4ITGE.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BSGK6ZN7TWTRZQ37R4JICCQ.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: ABADÍN.- Rehabilitación de firme LU-P-0101 “Gontán (LU-171) – Ferreira do Valadouro (LU-161)”, P.K. 0+000 a 4+750, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 338.961,90 €, dos cales 58.828,10 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.



2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BQ6SIPFPCLCXOXVOQC73VMM.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7BQ6SJGE5KZCU57U7SILQE64.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7BQ6SJKEKXKUVHTCAYXIR3WIY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BQ6TOOFGN2RH3VU74657G4Y.
6. Informe- proposta do Servizo de Vías e Obras relativo a subscrición de póliza seguro todo risco construción.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7BSGKYNEG2ITUL4QG56NQR74.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BSGK6ZJFNWVJKUA7MMH2FMY.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MONFORTE DE LEMOS.- Rehabilitación de firme LU-P-3205 “Monforte – Reboredo – LU-P-3201”, P.K. 0+535 a 3+175, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordó cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 331.342,27 €, dos cales 57.505,68 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS POR EMERXENCIA DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por emerxencia da obra de CASTRO DE REI.- Substitución de obra de paso na LU-P-1706 no P.K. 9+030.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe/proposta de data 16/01/2023, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“O pasado día 23 de decembro de 2022 produciuse un afundimento da calzada da estrada provincial LU-P-1706, denominada “Feira do Monte (LU-111)- Castro”, no entorno do seu P.Q. 9+030, no termo municipal de Castro de Rei, debido ao colapso do tubo de chapa corrugada que serve como obra de paso. O dito afundimento imposibilita a circulación de vehículos polo que a estrada tivo que ser pechada ao tráfico, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos.

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos.

Para restituir a circulación en condicións de seguridade, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para demoler a obra de paso existente substituíla por unha de nova construción.



Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, proponse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección. A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos ao vixente contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, Grupo Bascuas 2008, S.L., xa que se considera que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

a) Mediante o sistema de custo e costas.

b) Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que aparezca terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez rematadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP).

Tendo en conta o anterior, así como o anexo fotográfico achegado, infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 149.320,15 euros, dos cales 25.915,07€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.



Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de CASTRO DE REL.- Substitución de obra de paso na LU-P-1706 no P.K. 9+030, como consecuencia do colapso do tubo de chapa corrugada que serve de obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 149.320,15€ euros, IVE incluído, ordeando á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 149.320,15€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a

circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de CASTRO DE REI.- Substitución de obra de paso na LU-P-1706 no P.K. 9+030, como consecuencia do colapso do tubo de chapa corrugada que serve de obra de paso, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 149.320,15€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 149.320,15€, IVE incluído, ao cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN A ACEPTAR A RENUNCIA E A DECLARAR CONCLUSO O PROCEDEMENTO DA AXUDA



INCLUÍDA NOS INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Primeira.- Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 do Concello de Lourenzá.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do Concello de Lourenzá indicado a continuación e que dispón o seguinte:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	21.686,33 €

“Antecedentes:

Visto o expediente de renuncia da axuda integrada no PUCC21 do Concello de Lourenzá, por incumprimento da obriga de rendir conta xustificativa do/s investimento/s detallados no punto 2 deste informe e incluído/s no PUCC21, procede informar,

Consideracións xurídicas:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

1. Bases PUCC21: Na sesión ordinaria do 29/12/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC21, que foron publicadas no BOP Nº 008 de data 12/01/2021. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30/03/2021, acordou prestar aprobación ao PUCC21.

2. Investimento/s financiado/s con cargo a remanentes: A Xunta de Goberno da Deputación en sesión celebrada con data 27/05/2022 acorda aprobar a solicitude do Concello de Lourenzá para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUC21 do/s seguinte/s investimento/s:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	21.686,33 €

3. Non consta abono de anticipo: Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 2 BPUCC21, conséntase que o Concello de Lourenzá non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que non consta abono de anticipo para este/s investimento/s, por parte da Deputación.

4. Incumprimento da rendición de conta xustificativa: As bases 11.1 “Aforros producidos ou baixas”, 16 “Modificacións” e 18.2 “Conta xustificativa” das BPUCC21, preceptúan que o día 15/11/2022 é a data límite para render conta xustificativa dos investimentos financiados con cargo ao PUC21. Ao incumprir esta obriga procede aplicar a DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021): “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con data 01/12/2022 e RS 2022RPS015428, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao Concello de Lourenzá para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PUC21.

Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

5. Transparencia na cláusula de renuncia por incumprimento: A da cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021) preceptúa que: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

No PUC21 a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto: á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á execución dun investimento, ao



cumprimento dun prazo para render conta xustificativa etc, sendo esa concreta afectación a causa que lexítima a axuda económica; e o incumprimento das obrigas que comporta a dita afectación pode dar lugar, entre outras consecuencias á renuncia á axuda outorgada. O que equivale a dicir que o beneficiario debe cumprir a afectación.

De acordo coa STC nº 65/2009, de 9 de marzo, a irrenunciabilidade dos dereitos fundamentais «no impide la voluntaria y transitoria renuncia al ejercicio de las acciones en pos de unos beneficios cuyo eventual logro es para el interesado más ventajoso que el que pudiera resultar de aquel ejercicio», neste caso concreto, o Concello adheriuse ao PUCC21 aceptando as condicións impostas nas súas Bases e concretamente na DA cuarta que se está a referir á renuncia por incumprimento da obriga de render conta xustificativa dos investimentos previamente aprobados, co obxecto de conseguir como beneficio que a Deputación lle abone a correspondente axuda económica integrada no PUCC21.

O art. 4.2 da Directiva 93/13/CEE foi interpretado polo TXUE no sentido de que un consumidor poderá renunciar a facer valer os seus dereitos sempre que preste un «consentimento libre e informado a dita cláusula» (SSTXUE de 21 de febreiro de 2013 (asunto C-472/11) e 14 de abril de 2016 (asunto C-381/14)). Polo tanto, a renuncia pode ser válida, sempre que sexa debidamente «informada».

Interpretando o dito art. 4.2 da Directiva conclúese que a cláusula de renuncia ao exercicio de dereitos será transparente sempre e cando se poda deducir que o prestatario coñece, antes de celebrar o acordo a «carga xurídica» da cláusula, isto é, os concretos dereitos aos que renuncia a reclamar, e a «carga económica» ou o «sacrificio patrimonial» que implica a renuncia, é dicir, a cuantía exacta á que estaría renunciando.

Neste caso concreto, a obriga asumida polo Concello como consecuencia do incumprimento de render a conta xustificativa estipulada nas BPUCC21, crea unha vinculación que lle impide posteriormente – sin menoscabo do principio xeral de boa fe – exercitar certas facultades ou dereitos subxectivos en relación coa conducta anterior, é dicir, fanlle perder eses dereitos ou facultades, como os perdería no caso de renunciar a eles. Dito de outro modo, o Concello non pode exercitar un dereito en total contradición cunha conduta súa anterior que suscitaba confianza, respecto ao comportamento que se ía observar nesa relación xurídica.

6. A renuncia na LPAC: O artigo 84.1 LPAC establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala que: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

7. A renuncia no código civil: O artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei de 26 de maio último, dispón que: “La exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos solamente serán válidas cando no contraríen al interés o al orden público ni perjudiquen a terceiros”.

A renuncia á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Lourenzá é concordante co establecido na DA cuarta das BPUCC21 e ademais non prexudica nin ao interese público nin a terceiros, sustentándose en que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases.

8. Órgano competente: A base 19 BPUCC21 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que, o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC21 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.



Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC21, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Lourenzá, procede aceptar a renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC e co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1. Que se acepte a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	21.686,33 €

2. Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Lourenzá e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3. Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORAS EN RÚAS DE NÚCLEOS RURAIS DE CASTIÑEIRAS VERDES E A COVELA (SANTO TOMÉ) E CONDOMIÑA (SANTA MARÍA)	21.686,33 €

2º.- Declarar concluído o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Lourenzá e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia e a declarar concluído o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 do Concello de Pantón.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do Concello de Pantón indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN
208	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VIA DE ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL

“*Antecedentes:*

Visto o expediente de renuncia da axuda integrada no PUCC21 do Concello de Pantón, por incumprimento da obriga de rendir conta xustificativa do/s investimento/s detallados no punto 1 deste informe e incluído/s no PUCC21, procede informar,

Consideracións xurídicas:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:



1. Bases PUCC21: Na sesión ordinaria do 29/12/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC21, que foron publicadas no BOP N° 008 de data 12/01/2021. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30/03/2021, acordou prestar aprobación ao PUCC21, no que figura o/s investimento/s obxecto deste informe,

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
208	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VIA DE ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL	95.524,16 €

2. Non consta abono de anticipo: Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 2 BPUCC21, constátase que o Concello de Pantón non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que non consta abono de anticipo para este/s investimento/s, por parte da Deputación.

3. Incumprimento da rendición de conta xustificativa: As bases 11.1 “Aforros producidos ou baixas”, 16 “Modificacións” e 18.2 “Conta xustificativa” das BPUCC21, preceptúan que o día 15/11/2022 é a data límite para render conta xustificativa dos investimentos financiados con cargo ao PUCC21. Ao incumprir esta obriga procede aplicar a DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021): “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con data 26/10/2022 e RE 2022RPE018851 o concello de Pantón solicita ampliación de prazo para a rendición da conta xustificativa deste investimento, alegando que o Concello tivo que resolver o contrato administrativo de obras adjudicado por causas imputables ao contratista, iniciando unha nova licitación dando como resultado que lle resulta imposible cumprir cos prazos estipulados nas BPUCC21. O Servizo de Contratación e Fomento con data 14/11/2022 e RS 2022RPS014676 comunica a denegación de prórroga, aludindo ao estipulado nas BPUCC21 e así mesmo requirelle para a rendición da mesma

Con data 05/12/2022 e RS 2022RPS015657, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao Concello de Pantón para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PUCC21.

Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

4. Transparencia na cláusula de renuncia por incumprimento: a DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021) preceptúa que: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

No PUCC21 a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto: á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á execución dun investimento, ao cumprimento dun prazo para render conta xustificativa etc, sendo esa concreta afectación a causa que lexítima a axuda económica; e o incumprimento das obrigas que comporta a dita afectación pode dar lugar, entre outras consecuencias á renuncia á axuda outorgada. O que equivale a dicir que o beneficiario debe cumprir a afectación.

De acordo coa STC nº 65/2009, de 9 de marzo, a irrenunciabilidade dos dereitos fundamentais «no impide la voluntaria y transitoria renuncia al ejercicio de las acciones en pos de unos beneficios cuyo eventual logro es para el interesado más ventajoso que el que pudiera resultar de aquel ejercicio», neste caso concreto, o Concello adheriuse ao PUCC21 aceptando as condicións impostas nas súas Bases e concretamente na DA cuarta que se está a referir á renuncia por incumprimento da obriga de render conta xustificativa dos investimentos previamente aprobados, co obxecto de conseguir como beneficio que a Deputación lle abone a correspondente axuda económica integrada no PUCC21.

O art. 4.2 da Directiva 93/13/CEE foi interpretado polo TXUE no sentido de que un consumidor poderá renunciar a facer valer os seus dereitos sempre que preste un «consentimento libre e informado a dita cláusula» (SSTXUE de 21 de febreiro de 2013 (asunto C-472/11) e 14 de abril de 2016 (asunto C-381/14)). Polo tanto, a renuncia pode ser válida, sempre que sexa debidamente «informada».

Interpretando o dito art. 4.2 da Directiva conclúese que a cláusula de renuncia ao exercicio de dereitos será transparente sempre e cando se poda deducir que o prestatario coñece, antes de celebrar o acordo a «carga xurídica» da cláusula, isto é, os concretos dereitos aos que renuncia a reclamar, e a «carga económica» ou o «sacrificio patrimonial» que implica a renuncia, é dicir, a cuantía exacta á que estaría renunciando.



Neste caso concreto, a obriga asumida polo Concello como consecuencia do incumprimento de render a conta xustificativa estipulada nas BPUCC21, crea unha vinculación que lle impide posteriormente – sin menoscabo do principio xeral de boa fe – exercitar certas facultades ou dereitos subxectivos en relación coa conducta anterior, é dicir, fanlle perder eses dereitos ou facultades, como os perdería no caso de renunciar a eles. Dito de outro modo, o Concello non pode exercitar un dereito en total contradición cunha conduta súa anterior que suscitaba confianza, respecto ao comportamento que se ía observar nesa relación xurídica.

5. A renuncia na LPAC: O artigo 84.1 LPAC establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala que: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

6. A renuncia no código civil: O artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei de 26 de maio último, dispón que: “La exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos solamente serán válidas cando no contraríen al interese o al orden público ni perjudiquen a terceiros”.

A renuncia á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Pantón é concordante co establecido na DA cuarta das BPUCC21 e ademais non prexudica nin ao interese público nin a

terceiros, sustentándose en que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases.

7. Órgano competente: A base 19 BPUCC21 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que, o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC21 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC21, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Pantón, procede aceptar a renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC e co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1. Que se acepte a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
208	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VIA DE ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL	95.524,16 €

2. Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Pantón e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3. Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aceptar a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
208	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VIA DE ACCESO Á PISCINA MUNICIPAL	95.524,16 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Pantón e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceira.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 do Concello de Pastoriza.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do Concello de Pastoriza indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN
223	EQUIPAMENTO MOBILIARIO NO CIM BRETOÑA

“*Antecedentes:*

Visto o expediente de renuncia da axuda integrada no PUCC21 do Concello de Pastoriza, por incumprimento da obriga de rendir conta xustificativa do/s investimento/s detallados no punto 1 deste informe e incluído/s no PUCC21, procede informar,

Consideracións xurídicas:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

1. Bases PUCC21: Na sesión ordinaria do 29/12/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC21, que foron publicadas no BOP N° 008 de data 12/01/2021. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30/03/2021, acordou prestar aprobación ao PUCC21, no que figura o/s investimento/s obxecto deste informe,

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
223	EQUIPAMENTO MOBILIARIO NO CIM BRETOÑA	3.314,19 €

2. Consta abono de anticipo: De acordo co establecido na Base 2 BPUCC21 e previa solicitude do Concello de Pastoriza a Deputación aboa anticipo con dispensa de garantía, por importe de 1.657,10 €, cantidade que equivale ao 50% do importe total da axuda aprobada inicialmente no PUCC21.

3. Compensación importe anticipado: Mediante Decreto de data 03/06/2021, a Presidencia da Deputación resolveu outorgar ao Concello de Pastoriza os anticipos solicitados polo dito coa finalidade de proveerse de fondos para executar os investimentos incluídos no PUCC21: N°219, 220, 221, 222 e 223.

O Concello non rendeu conta xustificativa do investimento N° 223; razón pola que a cifra anticipada non consta investida no proxecto para o que fora outorgada a axuda e procede a súa compensación. Así mesmo, tendo en conta que para o investimento N° R222 “Pavimentación de accesos en currás, incluído honorarios” quedou acreditado o gasto realizado mediante a preceptiva rendición de conta xustificativa, procedeuse a descontar o importe do anticipo aboado para o N° 223 no dito investimento, xa que a dita conta tiña saldo suficiente e ademais con elo non se prexudicaba interese ningún, xa que logo e en calquera caso, o importe total final a aboar por parte da Deputación polo PUCC21 ha de ser minorado na cantidade cobrada previamente polo Concello en concepto de anticipo.



4. Incumplimento da rendición de conta xustificativa: As bases 11.1 “Aforros producidos ou baixas”, 16 “Modificacións” e 18.2 “Conta xustificativa” das BPUCC21, preceptúan que o día 15/11/2022 é a data límite para render conta xustificativa dos investimentos financiados con cargo ao PUCC21. Ao incumprir esta obriga procede aplicar a DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021): “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con data 01/12/2022 e RS 2022RPS015434, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao Concello de Pastoriza para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PUCC21.

Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

5. Transparencia na cláusula de renuncia por incumplimento: A DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021) preceptúa que: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

No PUCC21 a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto: á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á execución dun investimento, ao cumprimento dun prazo para render conta xustificativa etc, sendo esa concreta afectación a causa que lexítima a axuda económica; e o incumplimento das obrigas que comporta a dita afectación pode dar lugar, entre outras consecuencias á renuncia á axuda outorgada. O que equivale a dicir que o beneficiario debe cumprir a afectación.

De acordo coa STC nº 65/2009, de 9 de marzo, a irrenunciabilidade dos dereitos fundamentais «no impide la voluntaria y transitoria renuncia al ejercicio de las acciones en pos de unos beneficios cuyo eventual logro es para el interesado más ventajoso que el que pudiera resultar de aquel ejercicio», neste caso concreto, o Concello adheriuse ao PUCC21 aceptando as condicións impostas nas súas Bases e concretamente na DA cuarta que se está a referir á renuncia por incumplimento da obriga de render conta xustificativa dos investimentos previamente aprobados, co obxecto de conseguir como beneficio que a Deputación lle abone a correspondente axuda económica integrada no PUCC21.

O art. 4.2 da Directiva 93/13/CEE foi interpretado polo TXUE no sentido de que un consumidor poderá renunciar a facer valer os seus dereitos sempre que preste un «consentimento libre e informado a dita cláusula» (SSTXUE de 21 de febreiro de 2013 (asunto C-472/11) e 14 de abril de 2016 (asunto C-381/14)). Polo tanto, a renuncia pode ser válida, sempre que sexa debidamente «informada».

Interpretando o dito art. 4.2 da Directiva conclúese que a cláusula de renuncia ao exercicio de dereitos será transparente sempre e cando se poda deducir que o prestatario coñece, antes de celebrar o acordo a «carga xurídica» da cláusula, isto é, os concretos dereitos aos que renuncia a reclamar, e a «carga económica» ou o «sacrificio patrimonial» que implica a renuncia, é dicir, a cuantía exacta á que estaría renunciando.

Neste caso concreto, a obriga asumida polo Concello como consecuencia do incumprimento de render a conta xustificativa estipulada nas BPUCC21, crea unha vinculación que lle impide posteriormente – sin menoscabo do principio xeral de boa fe – exercitar certas facultades ou dereitos subxectivos en relación coa conduta anterior, é dicir, fanlle perder eses dereitos ou facultades, como os perdería no caso de renunciar a eles. Dito de outro modo, o Concello non pode exercitar un dereito en total contradición cunha conduta súa anterior que suscitaba confianza, respecto ao comportamento que se ía observar nesa relación xurídica.

6. A renuncia na LPAC: O artigo 84.1 LPAC establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala que: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.



5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

7. A renuncia no Código Civil: O artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei de 26 de maio último, dispón que: “La exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos solamente serán válidas cando no contraríen al interés o al orden público ni perjudiquen a terceros”.

A renuncia á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Pastoriza é concordante co establecido na DA cuarta das BPUCC21 e ademais non prexudica nin ao interese público nin a terceiros, sustentándose en que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases.

8. Órgano competente: A base 19 BPUCC21 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que, o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC21 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC21, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC21 do concello de Pastoriza, procede aceptar a renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC e co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1. Que se acepte a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
223	EQUIPAMENTO MOBILIARIO NO CIM BRETOÑA	3.314,19 €

2. Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o concello de Pastoriza e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3. Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
223	EQUIPAMENTO MOBILIARIO NO CIM BRETOÑA	3.314,19 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Pastoriza e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarta.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 do Concello de Sarria.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do Concello de Sarria indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN
293	SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO DIESEL USADO PARA SERVIZOS MUNICIPAIS

“Antecedentes:

Visto o expediente de renuncia da axuda integrada no PUCC21 do Concello de Sarria, por incumprimento da obriga de rendir conta xustificativa do/s investimento/s detallados no punto 1 deste informe e incluído/s no PUCC21, procede informar,

Consideracións xurídicas:

Na instrución do expediente determináronse como feitos probados que:

1. Bases PUCC21: Na sesión ordinaria do 29/12/2020 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC21, que foron publicadas no BOP N° 008 de data 12/01/2021. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 30/03/2021, acordou prestar aprobación ao PUCC21, no que figura o/s investimento/s obxecto deste informe,

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
293	SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO DIESEL USADO PARA SERVIZOS MUNICIPAIS	15.623,07 €

2. Consta abono de anticipo: De acordo co establecido na Base 2 BPUCC21 e previa solicitude do concello de Sarria a Deputación aboa anticipo con dispensa de garantía, por importe de 7.811,54 €, cantidade que equivale ao 50% do importe total da axuda aprobada inicialmente no PUCC21.

3. Compensación importe anticipado: Mediante Decreto de data 03/06/2021, a Presidencia da Deputación resolveu outorgar ao Concello de Sarria os anticipos solicitados polo dito coa finalidade de proveerse de fondos para executar os investimentos incluídos no PUCC21: N°s 288, 289, 290, 291, 292, 293, 294, 295, 296 e 297.

O Concello non rendeu conta xustificativa do investimento N° 293; razón pola que a cifra anticipada non consta investida no proxecto para o que fora outorgada a axuda e procede a súa compensación. Así mesmo, tendo en conta que para o investimento N° R288 “Obras de rexeneración e renovación de vías municipais: “Acceso ao núcleo de fonteabuín”, “Accesos dentro do núcleo de Betote”, “acceso a Currial (Maside)”, “Sobreanchos en San Andrés de Paradela”, “Continuación pista en Vilar de Lamas”, “Acceso a Vilamaior (local social)” e “Acceso A Bade” quedou acreditado o gasto realizado mediante a preceptiva rendición de conta xustificativa, procedeuse a descontar o importe do anticipo aboado para o N° 293 no dito investimento, xa que a dita conta tiña saldo suficiente e ademais con elo non se prexudicaba interese ningún, xa que logo e en calquera caso, o importe total final a aboar por parte da Deputación polo PUCC21 ha de ser minorado na cantidade cobrada previamente polo Concello en concepto de anticipo.

4. Incumprimento da rendición de conta xustificativa: As bases 11.1 “Aforros producidos ou baixas”, 16 “Modificacións” e 18.2 “Conta xustificativa” das BPUCC21, preceptúan que o día 15/11/2022 é a data límite para render conta xustificativa dos investimentos financiados con cargo ao PUCC21. Ao incumprir esta obriga procede aplicar a DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021): “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con N° de RE 2022RT012900 de data 30/09/2022, o concello de Sarria achega escrito relativo ao investimento N°293 “Subministración dun grupo electrógeno diésel usado para os servizos municipais”, no dito escrito o Concello indica que o adxudicatario da subministración interpuso recuso contencioso – administrativo debido a que o Concello non abonou nin efectuou a recepción da dita subministración, por mor de que o adxudicatario causou baixa como empresario e como consecuencia non está acreditado para emitir factura. Como consecuencia, o Concello está á espera da resolución do recurso para render conta xustificativa do investimento N°293.

O Servizo de Contratación e Fomento con data 14/11/2022 e RS 2022RPS014675 comunica a denegación de prórroga, aludindo ao estipulado nas BPUCC21 e así mesmo require ao concello de Sarria para a rendición da mesma.

Con data 05/12/2022 e RS 2022RPS015656, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao concello de Sarria para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PUCC21.



Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

5. Transparencia na cláusula de renuncia por incumprimento: A DA cuarta BPUCC21 (modificada mediante Acordo Plenario de data 30/03/2021) preceptúa que: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas Bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

No PUCC21 a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto: á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á execución dun investimento, ao cumprimento dun prazo para render conta xustificativa etc, sendo esa concreta afectación a causa que lexítima a axuda económica; e o incumprimento das obrigas que comporta a dita afectación pode dar lugar, entre outras consecuencias á renuncia á axuda outorgada. O que equivale a dicir que o beneficiario debe cumprir a afectación.

De acordo coa STC nº 65/2009, de 9 de marzo, a irrenunciabilidade dos dereitos fundamentais «no impide la voluntaria y transitoria renuncia al ejercicio de las acciones en pos de unos beneficios cuyo eventual logro es para el interesado más ventajoso que el que pudiera resultar de aquel ejercicio», neste caso concreto, o Concello adheriuse ao PUCC21 aceptando as condicións impostas nas súas Bases e concretamente na DA cuarta que se está a referir á renuncia por incumprimento da obriga de render conta xustificativa dos investimentos previamente aprobados, co obxecto de conseguir como beneficio que a Deputación lle abone a correspondente axuda económica integrada no PUCC21.

O art. 4.2 da Directiva 93/13/CEE foi interpretado polo TXUE no sentido de que un consumidor poderá renunciar a facer valer os seus dereitos sempre que preste un «consentimento libre e informado a dita cláusula» (SSTXUE de 21 de febreiro de 2013 (asunto C-472/11) e 14 de abril de 2016 (asunto C-381/14)). Polo tanto, a renuncia pode ser válida, sempre que sexa debidamente «informada».

Interpretando o dito art. 4.2 da Directiva conclúese que a cláusula de renuncia ao exercicio de dereitos será transparente sempre e cando se poda deducir que o prestatario coñece, antes de celebrar o acordo a «carga xurídica» da cláusula, isto é, os concretos dereitos aos que renuncia a reclamar, e a «carga económica» ou o «sacrificio patrimonial» que implica a renuncia, é dicir, a cuantía exacta á que estaría renunciando.

Neste caso concreto, a obriga asumida polo Concello como consecuencia do incumprimento de render a conta xustificativa estipulada nas BPUCC21, crea unha vinculación que lle impide posteriormente – sin menoscabo do principio xeral de boa fe – exercer certas facultades ou dereitos subxectivos en relación coa conduta anterior, é dicir, fanlle perder eses dereitos ou facultades, como os perdería no caso de renunciar a eles. Dito de outro modo, o Concello non pode exercer un dereito en total contradición cunha conduta súa anterior que suscitaba confianza, respecto ao comportamento que se ía observar nesa relación xurídica.

6. A renuncia na LPAC: O artigo 84.1 LPAC establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala que: “1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

7. A renuncia no código civil: O artigo 6.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil mandada publicar en cumprimento da Lei de 26 de maio último, dispón que: “La exclusión voluntaria de la ley aplicable y la renuncia a los derechos en ella reconocidos solamente serán válidas cando no contraríen al interés o al orden público ni perjudiquen a terceiros”.

A renuncia á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Sarria é concordante co establecido na DA cuarta das BPUCC21 e ademais non prexudica nin ao interese público nin a



terceiros, sustentándose en que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases.

8. Órgano competente: A base 19 BPUCC21 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que, o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC21 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC21, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC21 do Concello de Sarria, procede aceptar a renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC e co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1. Que se acepte a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
293	SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO DIESEL USADO PARA SERVICIOS MUNICIPAIS	15.623,07 €

2. Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Sarria e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3. Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á axuda relativa ao/s investimento/s incluído/s no “PUCC21” que se indica/n no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
293	SUBMINISTRACIÓN DUN GRUPO ELECTRÓXENO DIESEL USADO PARA SERVIZOS MUNICIPAIS	15.623,07 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC21, para o Concello de Sarria e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS (PLAN PLURIANUAL 2023-2025) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, E ANEXO I SOBRE LIÑAS, ACTUACÍONS ESPECÍFICAS E CRÉDITOS INICIALMENTE DISPOÑIBLES PARA O EXERCICIO 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros extremos, sinala:

“Asunto: Aprobación Plan Estratégico de Subvencions (Plan Plurianual 2023-2025) e Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023.

Antecedentes:



Primeiro.- O Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022 desta Deputación Provincial, aprobado por resolución da Presidencia o 2 de abril de 2020, dando conta á Xunta de Goberno na sesión do 29 de maio de 2020, deixou de estar vixente ao finalizar o ano 2022.

Segundo.- O 30 de decembro de 2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP núm. 298) a aprobación definitiva do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, no que se inclúen os créditos dispoñibles e a relación de subvencións nominativas para dita anualidade.

Terceiro.- Unha vez finalizada a anualidade 2022, e deixando de ter efecto o amentado Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) 2020-2022, a Presidencia desta Deputación Provincial ordenou, de forma verbal, á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, a elaboración e tramitación dun novo Plan Estratéxico de Subvencións (P.E.S.) para o vindeiro período 2023-2025, xunto co Anexo I, no que constan as actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023.

Cuarto.- Para a elaboración e tramitación do presente Plan Estratéxico de Subvencións (2023-2025), dende o Servizo de Contratación e Fomento – Sección de Fomento, organizáronse e coordináronse os traballos necesarios coas distintas áreas e centros xestores da Deputación, para definir e incorporar as liñas de subvencións e demais contido previsto no artigo 12 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións.

Quinto.- Esta Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento elaborou e coordinou, coa aportación dos diferentes centros xestores das áreas organizativas desta Deputación Provincial, o documento do Plan Estratéxico de Subvencións PES (2023-2025) desta Deputación Provincial, que se tramita como plurianual (anualidades 2023, 2024 e 2025), xunto co Anexo I (liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles) para o exercicio 2023.

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- A Deputación Provincial de Lugo, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ten, entre outras, a competencia de “(...) d) Cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste mesmo sentido, o Artigo 109.1 letra d) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece tamén como competencias das Deputacións “ En xeral, o fomento e a administración dos Intereses peculiares da provincia”.

Segunda.- O artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local precisa que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...)

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

(.....)

d) A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas, e outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.

e) As obras, servizos, axudas, adquisicións ou subministracións de emerxencia, por mor de acontecementos catastróficos, situacións que supoñan grave perigo ou necesidades que afecten directamente á seguridade pública.

(...)

h) Os premios que se outorguen sen solicitude previa do beneficiario.”



Para levar a cabo esta competencia, a Deputación Provincial utiliza o instrumento das subvencións, como unha técnica de fomento de determinados comportamentos, considerados de interese xeral, para o desenvolvemento de actividades de interese público da provincia.

Terceira.- A normativa vixente que regula a actuación das Administracións Públicas, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, prevé (artigo 3) que, a planificación e a dirección por obxectivos e o control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas, como un dos principios a respectar na súa actuación polas mesmas.

Cuarta.- O artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, desenvolto polos artigos 10 a 15 do seu Regulamento (aprobado pola Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), establece no punto primeiro que, “os órganos das Administracións Públicas ou calesqueira entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun Plan Estratéxico de Subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os costes previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

As bases reguladoras de cada subvención farán referencia ao Plan estratéxico de subvencións no que se integran, sinalando de que modo contribúen ao logro dos seus obxectivos; noutro caso, deberá motivarse por qué é necesario establecer a nova subvención, incluso non estando prevista no Plan, e a forma na que afecta ao seu cumprimento.”

Este mesmo artigo, no punto segundo precisa que, “Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten ao mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir os fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.”

Neste caso, considérase que os obxectivos previstos e contidos no presente plan, non interfíren no mercado.

En sentido semellante se expresa o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia ao determinar que, “Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os

obxectivos e efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”

Por outro lado, o artigo 1.2 da vixente Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo esixe que a concesión de subvencións que se realice ao amparo da mesma, deberá estar vencellada a algún dos obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente.

Polo tanto, a elaboración e aprobación do presente Plan Estratéxico de Subvencións responde ao cumprimento das esixencias descritas, permitindo así o desenvolvemento das actividades de fomento desta Deputación Provincial para as anualidades 2023, 2024 e 2025.

Quinta.- O R.D. 887/2006 na Exposición de motivos, como criterio xeral de interpretación das normas, atendendo ao seu espírito e finalidade (art. 3.1 do Código Civil), concibe aos plans estratéxicos de subvencións como instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións, confirmando o seu carácter programático, constituíndose, en esencia, nun instrumento fundamental para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice de logro de fins das políticas públicas. Así, no artigo 10.1 precisa que, “os plans estratéxicos de subvencións configúranse como instrumentos de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Neste sentido, a base 24.2 de Execución do Orzamento para o ano 2023, enlazando a actividade orzamental coa organización estratéxica das subvencións, precisa que “As propostas de establecemento de subvencións, deberán estar incluídas no Plan Estratéxico de subvencións no que se concretan os seus obxectivos e efectos, prazo para a súa consecución, custos previsibles e fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e ós créditos aprobados no Orzamento xeral.”



Así, o presente Plan Estratégico de Subvencións configúrase como un instrumento de planificación das actuacións a desenvolver por esta Deputación Provincial nas anualidades 2023, 2024 e 2025, encamiñadas a fomentar actividades de utilidade pública ou interese social ou de promoción de finalidades públicas.

Sexta.- O artigo 11.4 do amentado Real Decreto 887/2006 determina que, “os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente”.

Desta sorte, salvo que se teña determinado outra duración (facendo uso ás veces das determinacións do propio PES), este terá unha duración de tres anos. Esta referencia plurianual permite a orientación dos distintos programas no tempo e o seu seguimento e avaliación, de acordo á súa natureza, e vencellado ao marco legal da actividade subvencional, cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (L.O. 2/2012, do 27 de abril), con transparencia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Neste caso, a duración do Plan Estratégico de Subvencións (2023-2025) é a establecida con carácter xeral, cunha vixencia de tres anos, abrangendo as anualidades 2023, 2024 e 2025.

Sétima.- De acordo co previsto no artigo 14.1 do R.D. 887/2006, a actualización dos plans estratéxicos realizarase anualmente de acordo coa información relevante dispoñible.

Neste sentido, o presente Plan Estratégico de Subvencións (2023-2025) prevé a súa actualización anual, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminar liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Polo tanto, en cada unha das anualidades que abrangue o plan, e trala aprobación do orzamento correspondente da entidade para a mesma, ou das posibles modificacións posteriores que se poidan realizar, aprobarase e incluírase un documento denominado Anexo I, a modo de actualización, que conterá as actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles en cada

unha, para cada unha das áreas organizativas e liñas de subvención que abrangue, e que se inclúen no PES.

Para a anualidade 2023 o Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles será aprobado e incorporado simultaneamente co propio PES.

Oitava.- En canto ao contido do Plan Estratéxico de Subvencións, o artigo 12 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, precisa:

“1. Os plans estratéxicos terán o seguinte contido:

a) Obxectivos estratéxicos, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan e que han de estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten o mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.

b) Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.

3.º Prazo necesario para a súa consecución.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros órganos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento, así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5.º Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

c) Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan. A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos



responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.”

“2. O contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custos de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:

a) As subvencións que se concedan de forma directa, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.

b) As subvencións que, de maneira motivada, se determinen po parte do titular do Departamento ministerial, en atención á súa escasa relevancia económica e social como instrumento de intervención pública.”

Neste caso, o PES que se pretende aprobar non se acolle ao modelo reducido.

“3. Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.”

Neste sentido, o Consello de Estado no seu informe á Lei de Subvencións, salientou que un plan estratéxico concíbese como “un eslabón a través do que se produce a unión entre a fase de asignación de recursos públicos e a fase de execución de políticas de fomento”.

Este precepto do RXLS, como sucede cos artigos 10 ao 15, carece de carácter de lexislación básica, pero en ausencia de desenvolvemento normativo específico, aplícase supletoriamente ás entidades locais, de acordo coa cláusula de supletoriedade contida no artigo 149.3 da Constitución Española.

Novena.- A doutrina que estuda os plans estratéxicos de subvencións ten dito que:

a) Substancialmente, a esixencia de Plans Estratéxicos no ámbito subvencional responde aos principios recollidos en materia de estabilidade orzamentaria: as Administracións Públicas non deben gastar máis aló do que ingresan; deben de actuar de acordo cos principios de eficacia, eficiencia, calidade e transparencia na xestión dos recursos públicos, ponderando as consecuencias e efectos dos seus actos, e tendo en conta escenarios plurianuais, para atallar os problemas que se poidan presentar non só a curto, senón a medio e longo prazo.

b) Pola finalidade á que están vencellados, os Plans Estratéxicos non se conciben de modo ríxido senón, antes ao contrario, de forma flexible, tendo un mero carácter programático, ao constituír un instrumento para orientar os procesos de distribución de recursos en función do índice do logro dos fins das políticas públicas (sexto parágrafo do apartado III da Exposición de motivos do RXLS). Este carácter programático ten o seu reflexo, en primeiro lugar, en que un Plan, en por si, non crea dereitos (para os eventuais beneficiarios) nin obrigas (para a entidade planificadora e outorgante das subvencións), senón que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio (artigo 12.3 RXLS); e, en segundo lugar, en que as liñas de subvención poden se eliminadas, modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes (artigo 15 RXLS); pero sen que poidan prexudicarse os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións anteriormente recoñecidas e que desenvolvesen a actividade, proxecto ou comportamento comprometido coa Administración.

c) En principio, as previsións dos Plans serán para un período de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado sexa conveniente establecer un plan de duración diferente (artigo 11.4 RLXS).

Décima.- O artigo 35 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, determina a actuacións para a efectiva consecución da igualdade de xénero. Neste sentido establece que, “As Administracións Públicas, nos plans estratéxicos de subvencións que adopten no exercicio das súas competencias, determinarán os ámbitos nos que, por razón de existencia dunha situación de desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as bases reguladoras das correspondentes subvencións poidan incluír a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes. A estes efectos poderán valorarse, entre outras, as medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de responsabilidade social da empresa, ou a obtención do distintivo empresarial en materia de igualdade regulada nesta lei”.

Por outro lado, o artigo 1 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece como principio de actuación da Comunidade Autónoma en materia de



igualdade, entre outros, a busca e eliminación absoluta das discriminacións por razón de sexo, sexan directas ou indirectas.

Neste caso, o PES inclúe, dentro do seu ámbito de actuación, aqueles eidos nos que se teñen detectado situacións de desigualdade; e para tratar de corrixilas, na medida do posible, establece o principio de igualdade na súa aplicación, tanto directa, como transversalmente, precisando criterios que se poden ter en conta e valorar positivamente á hora de convocar e conceder subvencións, e que contribuirán á consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes.

Undécima.- Para dar cumprimento aos principios de transparencia e publicidade previstos no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 13 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, este PES, xunto coas súas actualizacións e informes anuais de avaliación, serán publicados na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, portal de transparencia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aplicándolle calquera outra disposición en materia de información e transparencia establecida na lexislación vixente en cada momento.

Décimo segunda.- En canto ao órgano competente para a aprobación do PES, así como das súas actualizacións, non existe unha atribución específica da competencia na normativa das administracións locais, nin na propia Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no R.D. 887/2006, que a desenvolve.

Neste sentido, o Regulamento Orgánico e a vixente Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, tampouco atribúen esta competencia a ningún órgano específico en concreto.

Non obstante, tendo en conta que o PES se configura como un instrumento eficaz de xestión pública para a distribución racional dos recursos económicos, para a realización das políticas públicas e consecución dos obxectivos que ten encomendados esta Deputación Provincial, a través das distintas Áreas que a integran, cabería pensar que é de aplicación a competencia residual da Presidencia, tal como dispón o artigo 34.1, apartado f), como suposto da xestión

económica, de acordo co orzamento aprobado polo Pleno; pero tamén podería entenderse que é a Xunta de Goberno, por ser este o órgano competente para aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das outorgadas en concorrencia competitiva; así como o outorgamento daquelas concedidas de forma directa de carácter excepcional que lle correspondan polo importe. Todo isto, sen prexuízo da competencia do Pleno para aprobar o orzamento da entidade, no que se inclúe a relación dos beneficiarios das subvencións nominativas en cada anualidade.

Polo tanto, o órgano competente para aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións (2023-2025) enténdese que é a Xunta de Goberno; que será tamén, por analoxía, o competente para aprobar as súas actualizacións anuais (Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para cada exercicio) durante a súa vixencia, e que no caso da anualidade 2023 se realiza de forma simultánea co propio PES, en coherencia tamén coa aplicación deste criterio nos Plans e actualizacións das anualidades anteriores.

En resume, en base ao amentado, procede informar favorablemente a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2023-2025) e o Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023 desta Deputación Provincial.

É canto procede informar, e que someto a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o borrador do Plan Estratéxico de Subvencións (Plan plurianual 2023-2025) desta Deputación Provincial para o período 2023-2025 que se detalla a continuación.

2º.- Aprobar o Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023 desta Deputación Provincial que se detalla a continuación.



3º.- Dispoñer a súa publicación na páxina web, portal de transparencia, do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, ano 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o escrito remitido dende a Fundación TerrEo (EXP-2022/PES_03/023237) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, por importe total de 109.258,06€ (dos que 87.406,45 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 21.851,61 € serán financiados pola Fundación TerrEo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.



Segunda.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Terceira.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Cuarta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Quinta.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.



En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Segunda.- Pola súa banda, a Fundación TerrEo, é unha Fundación constituída polo Concello de Ribeira de Piquín que ten como obxectivo a posta en valor e o aproveitamento do patrimonio, co fin de fomentar o desenvolvemento rural e impulsar a economía social local e a creación de emprego na Ribeira de Piquín e na súa contorna, contribuíndo a frear o despoboamento do municipio.

Dita Fundación foi clasificada de interese para o desenvolvemento rural de Galicia e adscrita ao protectorado da Concellería de Medio Rural. (Orde do 8 de xuño de 2021 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición

de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación con contraprestacións entre os beneficiarios non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 87.406,45€ nas aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral que se relacionan a continuación:

1720.48900: 61.068,38 €

1720.789: 26.338,07 €

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.



Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín”, por importe total de 109.258,06€ (dos que 87.406,45€ serán financiados pola Deputación de Lugo e 21.851,61€ serán financiados pola Fundación TerrEo) que se recolle a continuación

“Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación TerrEo para cooperar no financiamento da “Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín” ano 2023. [Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xaneiro de 2023].

En Lugo, a de de 2023

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don Roberto Fernández Rico, Presidente da Fundación TerrEo, con N.I.F G-42882704 e sede social en Chao de Pousadorio s/n, Ribeira de Piquín, actuando en nome e representación da citada entidade e con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que

non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.



Cuarto.- Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...).”

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:



Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e a Fundación TerrEo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	Custe total.
Recuperación de acuicultura en Ribeira de Piquín.	
Liña 1: Gasto Corrente.	
Subministro de alevíns	53.419,99 €
Contratación de persoal para os coidados e mantemento da instalación.	29.500,00 €
Liña 2: Inversión.	
Adquisición máquina saca follas.	26.338,07 €
Custe total	109.258,06 (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas entidades comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

Achega Deputación	Achega da Fundación
Liña 1 - 61.068,38 €	Liña 1: 21.851,61€
Liña 2 - 26.338,07 €	
TOTAL: 109.258,06 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas entidades comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ribeira de Piquín.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (87.406,45 €)
2. Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.
3. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometida pola Fundación, ou previa solicitude da Fundación autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

3.2. A Fundación TerrEo:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, a Fundación TerrEo, comprométese ao seguinte:

1. Achegar, para a execución do convenio o financiamento de 21.851,61€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.
2. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
3. Executar a actuación na data límite do 31 de decembro de 2023.
4. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.
5. Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
6. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirida, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
7. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
8. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

A. Achegas:

1.- Achega da Deputación:



A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 87.406,45 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 1720.48900 (61.068,38 €) e 1720.789 (26.338,07€) do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira-

2.- Achega da Fundación:

A Fundación TerrEo aportará para a execución do convenio o financiamento de 21.851,61€ e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

B. Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será titularidade da Fundación TerrEo.

c. Xustificación da achega económica.

A Fundación TerrEo, achegará, como data límite do 31 de marzo de 2024 á Deputación de Lugo unha conta xustificativa, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

2. Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

3. Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción das inversións.

Declaración responsable emitida polo representante da Fundación indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo

Declaración responsable do representante da Fundación na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante da Fundación sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que a Fundación non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante da Fundación, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tivese aboado un anticipo e a Fundación non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, a Fundación presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Anticipo.

A Fundación poderá percibir un anticipo polas operacións preparatorias que resulten necesarias para a realización das actuacións financiadas ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, o representante da Fundación deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable, emitida polo representante da Fundación, na que se faga constar que este se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



3. Declaración responsable, emitida polo representante da Fundación, na que se faga constar que esta non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sexta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Oitava.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Novena.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a. Velar polo cumprimento deste convenio.
- b. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décima.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, a Fundación incorporará os “logotipos” institucionais da



Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite a Fundación.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a Fundación deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e a Fundación comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométese a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre entidades Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 8 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O Presidente Asinado: José Tomé Roca

O Presidente da Fundación Terreo Asinado: Roberto Fernández Rico

O Secretario Xeral, Asinado, José Antonio Mourelle Cillero”

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 87.406,45€ con cargo nas aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral que se relacionan a continuación:

1720.48900: 61.068,38 €

1720.789: 26.338,07 €.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución de fins comúns consistentes en: Humanización do campo da Feira do Viveiró.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Humanización do campo da Feira do Viveiró que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27/08/2021 prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Humanización do campo da Feira do Viveiró.

Segundo.- En data 15/12/20222 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

“(…)

... comprométense a realizaros seguintes investimentos:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA CONCELLO
	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Anualidade 2023
HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA DO VIVEIRÓ	204.500,00€	204.500,00€	53.757,48€
TOTAL	462.757,48€		

(…)”

Ademais nas cláusulas terceira e cuarta faise referencia ao importe a achegar polo Concello de Muras.

Terceiro.- D. Manuel Requeijo Arnejo, Alcalde do Concello de Muras achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con 2022RT017728, de data 15/12/2022, a través do que solicita a modificación do convenio, toda vez que modificaron o proxecto inicial, por necesidades construtivas do mesmo, variando as unidades de obra e o orzamento final

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:



a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da indicada Lei 40/2015 e na instrución terceira do acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión a que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación administrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”.

Ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d), que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.



Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Sétimo.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado

legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de humanizar o campo da feira do Viveiró do Concello de Muras coa idea de conseguir darlle mais protagonismo ao peón, así como unha maior calidade urbana e a adecuación e sinalización do entorno da actuación.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Oitavo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “ a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión ...”.



Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Noveno.- A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades Locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Décimo.- O municipio de Muras é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera ““a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; (...)

En canto á mellora de estradas e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas

entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(..), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

Décimo primeiro.- O Concello de Muras, segundo o establecido no convenio, cede os terreos da súa propiedade para que a Deputación execute o investimento, xa que as estradas que dan acceso ao campo da feira son de titularidade Provincial, de xeito que se executen as actuacións de xeito global. Será responsabilidade do Concello de Muras a obtención e autorizacións sectoriais necesarias, así como licenzas necesarias e afrontar o custe destas.

Décimo segundo.- A Deputación Provincial de Lugo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución.

A Deputación unha vez executada a actuación, entregará os tramos das estradas LU-P-3404 e LU-P-6502 e as obras ao Concello de Muras, quen conservará, manterá e porá en funcionamento tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Décimo terceiro.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo



artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Muras, unha vez entregada a obra, será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP, e tendo en conta a cesión do tramo da estrada provincial.

Décimo cuarto.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Décimo quinto.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la

vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que o investimento incluído sexa o correspondente ao proxecto achegado novamente, co financiamento que se indica:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA CONCELLO
	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Anualidade 2023
HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA DO VIVEIRÓ	204.500,00€	204.500,00€	32.874,00€
TOTAL	441.874,00€		

Décimo sexto.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de addenda de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno:

Que se aprobe a addenda de modificación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Muras que se adxunta, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Humanización do campo da feira do Viveiró de tal xeito que o proxecto a executar sexa o remitido novamente, co financiamento que se indica:



INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA CONCELLO
	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Anualidade 2023
HUMANIZACIÓN DO CAMPO DA FEIRA DO VIVEIRÓ	204.500,00€	204.500,00€	32.874,00€
TOTAL	441.874,00€		

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL DENOMINADO CLUB NAÚTICO PORTOMARÍN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que, con data do 7 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, aproba iniciar o procedemento de concorrencia pública para a ocupación privativa, mediante o outorgamento dunha concesión demanial, que permitirá a explotación do inmovible provincial denominado Club Náutico de Portomarín e aproba as cláusulas administrativas que rexerán o devandito procedemento e a súa adxudicación por concurso.

Tendo en conta que, con data 14 de outubro de 2022, publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para a contratación mediante procedemento de concorrencia pública.

Tendo en conta que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, con data do 8 de novembro de 2022, reúnen todos os integrantes da Mesa de Valoración para a súa constitución e celebración da sesión. Nesta Sesión dáse conta das propostas que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público e que se presentaron o procedemento, que son as subscritas por Asunción López López, Dionisio Alejandro Garcia Arias e María Montserrat Fernández Fernández.

No contido da Acta da dita sesión, asinada o 17 de novembro de 2022, baixo o CSV IV7AEGISJHW5JTJIAJGAGVSUGU, determínase que en todas as propostas presentadas “a

documentación administrativa presentada cumpre os requisitos esixidos para o presente procedemento polo que se admite (...) “ e dáse conta do contido do sobre Nº 2, que inclúe a proposta de explotación do inmovible, mediante o desenvolvemento da actividade principal, que inclúe a documentación relativa á proposta económica e aos criterios avaliábeis, por último “a Mesa acorda solicitar informe aos servizos provinciais para a súa valoración”.

Con data de 18 de xaneiro de 2023 reúnese a Mesa de Valoración, da que forma parte a Intervención Provincial, a Acta desta Sesión , asinada o 18 de xaneiro de 2023, baixo o CSV XX IV7B4SZSDI56XWZPQZN4GIYQKA presenta o seguinte contido:

“En primeiro lugar, dáse conta, brevemente, do informe solicitado pola Mesa de Valoración, sobre as tres proposicións presentadas no presente procedemento, con número de expediente 2022/XEN_01/0022789, e subscritas por:

Asunción López López.

Dionisio Alejandro García Arias.

María Montserrat Fernández Fernández.

O dito informe de valoración foi, emitido con data do 13.01.2022, baixo o CSV IV7BSKLCFQPP5T4N2VVB4U2UIA, e conclúe co seguinte teor:

Conclusión,

A documentación presentada polos licitadores invita a estimar a viabilidade das proposta presentadas para a explotación do devandito dominio público provincial con arranxo a seguinte puntuación:

LICITADORES	ASUNCIÓN LÓPEZ LÓPEZ	DIONISIO ALEJANDRO GARCÍA ARIAS	MARÍA MONTSERRAT FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
ACTIVIDADE PRINCIPAL	CAFETERÍA RESTAURANTE	BAR CAFETERÍA	CAFE BAR CATEGORÍA ESPECIAL
a) PREZO (50%)	50,00	0,00	48,55
b) PROPOSTA DE EXPLOTACIÓN (50%)	30,00	32,00	8
1. Nova inversión en equipamento para as instalacións (Máximo 20 puntos).	20	2,00	0
2. Memoria técnica do proxecto (Máximo 30 puntos).	10,00	30,00	8
TOTAL	80,00	32,00	56,55



Deste informe dáse traslado para a súa consideración, se procedese, á Mesa de Valoración do procedemento de concorrencia pública e adxudicación por concurso do outorgamento da concesión demanial do dominio público provincial denominado Club Náutico de Portomarín.

De acordo co citado informe de valoración a Mesa, por unanimidade, considerando axustada a oferta ao prego reitor do procedemento procede a formular a proposta de adxudicación a favor de Dna. Asunción López López, que elevará ao órgano competente para a súa aprobación , se procedese.

Á vista do certificado emitido polo Servizo de Xestión tributaria e Recadación Provincial no que consta a existencia dunha débeda de Dna. Asunción López López, por importe de trece euros con vinte e cinco céntimos (13,25€), facultase á Sección de Patrimonio para que, con carácter previo á adxudicación, comprobe e informe sobre o pagamento desta débeda e polo tanto, comprobe a subsanación deste aspecto.”

Pola Sección de Patrimonio compróbase o pagamento da débeda, certificada polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial a nome de Asunción López López, e polo tanto, a rectificación deste aspecto.

Así mesmo, constan no expediente os certificados positivos a nome de Asunción López López, en relación coas obrigas tributarias da Axencia Española de Administración Tributaria, da Axencia Tributaria de Galicia e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

De acordo co disposto na Cláusula 14 do prego reitor: Dentro dos dez días seguintes á notificación do acordo provincial de outorgamento da presente concesión demanial, o concesionario deberá constituír unha garantía, do 3 % do valor do dominio ocupado, cuantificada en 3.746,87 €.

Posteriormente, segundo o contido da cláusula 17: O documento de adxudicación da concesión demanial deberá formalizarse entre a Administración e o concesionario, dentro dos 30 días seguintes ao da notificación da adxudicación.

De acordo co exposto, a Secretaría Xeral e Sección de Patrimonio informa, con data do 18 de xaneiro de 2023, baixo o CSV IV7B4THPHBU7IWJ42365CQAF6E, que, comprobado o cumprimento dos trámites que condicionaban a adxudicación, considéranse axustadas as ofertas ao prego reitor do procedemento, procedendo a formulación da proposta de adxudicación, a favor de Asunción López López, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Tendo en conta todo o que antecede, a teor do artigo 59.11 do Regulamento Orgánico desta Deputación proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento relativo á concesión demanial do ben de dominio público provincial denominado Club Náutico Portomarín a favor de Asunción López López.

2º.- Requirir á concesionaria para a constitución dunha garantía, do 3 % do valor do dominio ocupado, cuantificada en 3.746,87 €.

3º.- Formalizar entre a Deputación de Lugo e a concesionaria o acordo regulador da presente concesión demanial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEOS RURAIS DE GUITIRIZ.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2020RPE019278 de 27.11.2020, do Concello de Guitiriz, remitindo o documento Planeamento Xeral de Ordenación Urbanística (PXOM) do Concello de Guitiriz, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 19.01.2023 que di:

“Antecedentes e obxecto.



Con data 27.11.2020 e Rexistro 2020RPE019278 o Concello de Guitiriz solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo para delimitación dos núcleos rurais do Planeamento Xeral de Ordenación Urbanística (PXOM) do Concello de Guitiriz, indicando que envía un exemplar en formato físico.

O documento que contén o expediente do PXOM recibíuse con posterioridade.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítese de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais nos núcleos rurais que se sitúen nas marxes das vías provinciais.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

1. A efectos desta lei, considérase travesía o tramo dunha estrada que discorre a través dun núcleo de poboación, nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia, ou tramos delas, adquirirán a condición de vías urbanas cando o seu tráfico sexa maioritariamente urbano e non resulten necesarias para manter a continuidade e a coherencia das redes de estradas, nos termos establecidos regulamentariamente.

3. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia que adiquiran a condición de vías urbanas entregaranse ao concello polo que estas discorran, seguindo os procedementos de cambio de titularidade previstos nesta lei

23. Coordinación co planeamento urbanístico

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

40. Delimitación da zona de afección

A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

- a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
- b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

41. Delimitación da liña límite de edificación



41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

47.2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límites de edificación poderán ser autorizadas, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable nos casos previstos nesta lei, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non prodúzase cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social así cualificados.

Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de

Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada:	3,50 m.
Beiravía:	0,50 m.
Banda de aparcamento:	2,00 m.
Beirarrúa:	2,00 m.
<hr/> Semiancho do vial:	8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada:	3,50 m.
Beiravía:	0,50 m.
Cuneta e noiro:	2,00 m.
Beirarrúa:	2,00 m.
<hr/> Semiancho do vial:	8,00 m.



A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificados podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.

O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafítaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafítarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Analizada a documentación recibida, delimítanse os núcleos rurais que se sitúan no entorno das estradas de titularidade provincial, definíndose as aliñacións do viario nos treitos.

Existen núcleos nos que os anchos indicados no epígrafe anterior vense reducidas pola presenza de vivendas e edificacións tradicionais e/ou elementos patrimoniais, polo que se considera a redución de ancho xustificada. No caso das aliñacións reducidas pola existencia de vivendas ou edificacións novas, a aliñación deberá ser continua.

As coordenadas de inicio e final dos núcleos rurais con respecto ás estradas da deputación son:



DEPUTACIÓN DE LUGO

NÚCLEO	MARXE	COORDENADAS ETRS89 UTM29	
		INICIO	FIN
O Buriz A Forxa A Ventisca	Dcha.	X-593507 Y-4790735	X-593494 Y-4790722
	Ambas	X-593494 Y-4790722	X-593199 Y-4790606
A Lagoa	Ambos	X-593910 Y-4791178	X-593897 Y-4791127
	Izda.	X-593897 Y-4791127	X-593721 Y-4790897
Mariz	Izda.	X-588816 Y-4777296	X-588727 Y-4777006
A Pobra de Parga	Izda.	X-594502 Y-4778746	X-594421 Y-4778832
	Ambas	X-594421 Y-4778832	X-594313 Y-4779065
	Dcha.	X-594313 Y-4779065	X-594435 Y-4779192
	Ambas	X-594439 Y-4779189	X-544476 Y-4779190
	Izda.	X-544476 Y-4779190	X-544493 Y-4779191
	Dcha.	X-594512 Y-4779192	X-594565 Y-4779260
O Laxoso	Izda.	X-592461 Y-4787882	X-592487 Y-4787896
	Ambas	X-592487 Y-4787896	X-592512 Y-4787908
	Izda.	X-592512 Y-4787908	X-592570 Y-4787939
	Ambas	X-592570 Y-4787939	X-592753 Y-4788157
	Izda.	X-592753 Y-4788157	X-592783 Y-4788288
A Tiñaz	Dcha.	X-592213 Y-4787451	X-592218 Y-4787459
	Izda.	X-592329 Y-4787670	X-592331 Y-4787675
	Ambas	X-592331 Y-4787675	X-592345 Y-4787707
	Dcha.	X-592345 Y-4787707	X-592348 Y-4787715
O Merendeiro	Dcha.	X-593678 Y-4789110	X-593697 Y-4789128
	Ambas	X-593697 Y-4789128	X-593729 Y-4789158
Os Castros	Izda.	X-591687 Y-4786884	X-591873 Y-4787091
A Chousa Grande	Dcha.	X-591458 Y-4786652	X-591572 Y-4786769
Os Corredoiros	Dcha.	X-600276 Y-4776624	X-600294 Y-4776606
	Ambas	X-600294 Y-4776606	X-600311 Y-4776553
	Dcha.	X-600311 Y-4776553	X-600281 Y-4776481
	Ambas	X-600281 Y-4776481	X-600206 Y-4776285
	Izda.	X-600206 Y-4776285	X-600188 Y-4776170
O Outeiro	Izda.	X-599745 Y-4777178	X-599780 Y-4777145
	Ambas	X-599780 Y-4777145	X-599825 Y-4777094
	Izda.	X-599825 Y-4777094	X-599859 Y-4777056
	Ambas	X-599859 Y-4777056	X-599921 Y-4776988
A Eirexe	Izda.	X-596303 Y-4779170	X-596316 Y-4779162
	Ambas	X-596316 Y-4779162	X-596341 Y-4779144
	Dcha.	X-596341 Y-4779144	X-596345 Y-4779140
	Dcha.	X-596411 Y-4779065	X-596484 Y-4779042
A Pena	Dcha.	X-596922 Y-4783574	X-596986 Y-4783650
	Ambas	X-596986 Y-4783650	X-596993 Y-4783771
	Izda.	X-596993 Y-4783771	X-597043 Y-4783854

NÚCLEO	MARXE	COORDENADAS ETRS89 UTM29	
		INICIO	FIN
Saa	Dcha.	X-594765 Y-4776396	X-594765 Y-4776402
	Ambas	X-594765 Y-4776402	X-594751 Y-4776525
	Izda.	X-594751 Y-4776525	X-594754 Y-4776637
	Ambas	X-594772 Y-4776739	X-594779 Y-4777112
	Dcha.	X-594779 Y-4777112	X-594778 Y-4777118

Achégase táboa coas aliñacións e pqs con respecto ás estradas de titularidade provincial que se consideran axeitadas.

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras propón respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Emitir informe sectorial favorable á delimitación dos núcleos rurais incluídos na relación adxunta, no Concello de Guitiriz.

2º.- Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos contidos no mesmo e relacionados no presente informe que, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable ao documento remitido polo Concello de Guitiriz de delimitación de núcleos rurais do PXOM, recibido o 27.11.2020 e Rexistro 2020RPE019278.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito de Rexistro 2022RPE019952 de 10.11.2022, do Concello de Viveiro, remitindo o documento Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de data 19.01.2023 que di:

“Antecedentes e obxecto.

Con data 10.11.2022 e Rexistro 2022RPE019952 o Concello de Viveiro solicita informe sectorial da Deputación Provincial de Lugo do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Viveiro.

O presente informe ten carácter sectorial de estradas e emítase de acordo ás disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013).

O obxecto último do informe sectorial de estradas vén a ser o recoñecemento aos treitos de vías provinciais que discorran por solo clasificado como urbano ou de núcleo rural o carácter de “treitos urbanos”, para o que se require que no instrumento de planeamento figuren marcadas as aliñacións e que sexan informadas favorablemente polo organismo titular da estrada conforme ao artigo 7 da LEG 8/2013, o que permitiría a edificación a unha distancia inferior á xeral, e atribuiría ao Concello a competencia para autorizar as construcións nas marxes do treito urbano segundo ditas aliñacións.

No presente informe comezase por expoñer e xustificar os criterios que se considera que deben aplicarse aos treitos urbanos das estradas provinciais nos núcleos rurais que se sitúen nas marxes das vías provinciais.

Fundamentos legais.

A regulación das vías provinciais debe facerse por referencia á Lei 8/2013 de estradas de Galicia, estando o réxime xeral vixente contido esencialmente nos seguintes artigos:

7. Treitos urbanos

Para os efectos desta lei, considérase treito urbano dunha estrada aquel que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano ou de núcleo rural cando, neste último caso, conte con aliñacións marcadas no antedito instrumento e aquel fose sometido a informe favorable, conforme esta lei, pola administración titular da estrada.

8. Travesías

1. A efectos desta lei, considérase travesía o tramo dunha estrada que discorre a través dun núcleo de poboación, nos termos establecidos regulamentariamente.

2. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia, ou tramos delas, adquirirán a condición de vías urbanas cando o seu tráfico sexa maioritariamente urbano e non resulten necesarias para manter a continuidade e a coherencia das redes de estradas, nos termos establecidos regulamentariamente.

3. As travesías de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia que adquiran a condición de vías urbanas entregaranse ao concello polo que estas discorran, seguindo os procedementos de cambio de titularidade previstos nesta lei

23. Coordinación co planeamento urbanístico.

23.2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten ás estradas existentes ou ás actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitirá, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que o informen. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable.

No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas.

23.3. Nos treitos urbanos das estradas, o instrumento de planeamento urbanístico determinará a aliñación de edificación, que poderá fixarse, de xeito motivado, a unha distancia inferior á que prevé a lei con carácter xeral para a liña límite de edificación das estradas, valorando a existencia de edificacións continuadas preexistentes, así como a concorrencia de razóns técnicas, socioeconómicas ou de orografía do terreo que poidan aconsellar a redución.

38. Zonas de protección da estrada e liña límite de edificación.

38.4. Nos treitos urbanos das estradas non se establecen nin zonas de protección da estrada nin liña límite de edificación.

40. Delimitación da zona de afección.



A zona de afección está formada por dúas franxas de terreo, unha a cada lado da estrada, delimitadas interiormente polas liñas exteriores da zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación e medidas horizontal e ortogonalmente desde elas, a unha distancia de:

- a) Cen metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.
- b) Trinta metros no caso de estradas convencionais e elementos funcionais.

41. Delimitación da liña límite de edificación.

41.1. A liña límite de edificación está situada a ambas as dúas beiras da estrada cun trazado que discorre paralelo ás liñas exteriores de delimitación das calzadas a unha distancia, medida horizontal e ortogonalmente a aquelas, de:

- a) Cincuenta metros no caso de autoestradas, autovías e vías para automóviles.

b) Quince metros no caso de estradas convencionais. En caso de que unha administración teña aprobado o catálogo da súa rede e no mesmo categorícense funcionalmente as estradas en rede estruturante, rede complementaria e rede local, según o establecido no Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento de estradas de Galicia, a liña límite de edificación estará situada a 15 metros no caso das estradas da rede estruturante e da rede complementaria e a 7 metros para as estradas da rede local.

47. Réxime xeral e competencia.

47.2. A competencia para autorizar a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, así como para realizar as actividades de comprobación daquelas suxeitas a declaración responsable no que a lexislación sectorial en materia de estradas refírese, corresponde á administración titular da estrada, excepto na talla de arboledo, que terá que ser autorizada unicamente polo órgano competente en materia forestal, de acordo co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou norma que a substitúa, previo informe preceptivo e vinculante do órgano competente da administración titular da estrada.

Artigo 52 Accesos, parcelamentos e segregacións.

1. A administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer, con carácter obrigatorio, os lugares e as condicións en que talles accesos pódanse construír, atendendo á normativa vixente e aplicando criterios de intensidade de tráfico, de seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada. En todo caso, será prioritario o emprego de accesos existentes.

2. Incorporaranse ao dominio público viario os elementos do novo acceso que se sitúen sobre a zona de dominio público.

Tamén se incorporarán ao dominio público viario as ligazóns, interseccións, glorietas, pasos inferiores e superiores, vías de servizo, elementos de cambio de velocidade e aquelas outras ampliacións da plataforma da estrada ou vía de servizo orixinal que se executen como parte do proxecto do acceso, así como todos os terreos sobre os que se sitúen todos eses elementos, aínda no caso de que pertencen ou sexan adquiridos pola persoa solicitante da autorización para executar o acceso.

A cesión dos elementos e terreos formalizarase mediante a firma dun documento para ese efecto. A firma do devandito documento de formalización da cesión será requisito previo para a celebración do acto no que se documentará a terminación das obras do acceso, o seu estado e a súa conformidade cos termos da autorización.

3. As autorizacións referidas aos parcelamentos e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretendan levar a cabo fóra do chan urbano consolidado, só emitiranse en sentido favorable naqueles casos nos que esas actuacións non impliquen un incremento do número de accesos á estrada, nos termos establecidos regulamentariamente.

Pola a súa parte, as autorizacións referidas aos parcelamentos e segregacións de parcelas lindeiras coas estradas, cando se pretenden levar a cabo no chan urbano consolidado, só emitiranse en sentido favorable naqueles casos nos que todas as novas parcelas xeradas poidan resolver o seu acceso a través doutras vías de circulación ou ben cumpran as condicións para que os seus accesos poidan ser autorizados pola administración titular da estrada.

Disposición adicional primeira. Edificacións, instalacións e peches preexistentes.

1. Nas edificacións, instalacións e peches preexistentes na zona comprendida entre a liña exterior de delimitación da calzada da estrada e a liña límites de edificación poderán ser autorizadas, ou quedarán suxeitas ao réxime de declaración responsable nos casos previstos nesta lei, no que á lexislación sectorial en materia de estradas refírese, e sempre que quede garantida a seguridade viaria na estrada e nos seus accesos e non prodúzase cambio de uso nin incremento de volume edificado, por encima ou por baixo da rasante do terreo:

a) Con carácter xeral, as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

b) Excepcionalmente, obras de rehabilitación estrutural, naqueles supostos de interese público ou social así cualificados.



Por parte da Deputación Provincial de Lugo, o Pleno de 30 de abril de 2019 adoptou o acordo de categorizar a rede de estradas provinciais como Rede Local, para a aplicación da redución da liña límite de edificación establecida pola nova redacción da Lei de Estradas de Galicia, tras a aprobación da Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e na que se reduce a distancia da línea límite de edificación de 15,00 m a 7,00 m do borde exterior da calzada, debendo resultar fóra da zona de servidume e a distancia non inferior a 10 m do eixe de trazado da vía con carácter xeral en solo rústico, sen prexuízo da posible redución aplicable nos treitos urbanos da estrada conforme ao previsto no artigo 23 da LEG 8/2013. A adopción de dito criterio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 07.11.2019.

Anchuras de viario en solo de núcleo rural.

A efectos da fixación da anchura mínima necesaria entre liñas límite de edificación para o viario de titularidade provincial que discorra por tramos de solo clasificado como de núcleo rural por este Servizo véñse considerando, por razóns técnicas de carácter xeral, que a banda de protección destinada ao viario debería alcanzar polo menos unha anchura desexable de 16 metros que permitiría a implantación da seguinte semi-sección tipo:

Carril de calzada:	3,50 m.
Beiravía:	0,50 m.
Banda de aparcamento:	2,00 m.
Beirarrúa:	2,00 m.
<hr/>	
Semiancho do vial:	8,00 m.

Esta anchura de vía de 16 metros é concordante coa establecida no seu día no artigo 48.2 Normas de calidade urbana, da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia como mínima para os viarios principais de nova apertura nas clases de solo urbano non consolidado e urbanizable, e permite o cumprimento do disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu reglamento en vigor de aplicación, en canto a ancho de beirarrúas peonís, capaces tamén de acoller a axeitada implantación dos servizos urbanísticos.

Aínda que non se previra a implantación de beirarrúas ou aparcamentos, as dimensións desexables con carácter xeral para as vías provinciais requirirían un ancho coincidente co anterior segundo a seguinte distribución:

Carril de calzada:	3,50 m.
Beiravía:	0,50 m.
Cuneta e noiro:	2,00 m.
Beirarrúa:	2,00 m.
<hr/>	
Semiancho do vial:	8,00 m.

A banda de 2,00 m de dominio público contiguo estaría destinada á protección da estrada mediante recuamento dos cerramentos de fincas e á instalación prioritaria das canalizacións públicas de servizos de obrigada prestación municipal conforme ao RDL 781/1986 como abastecemento de auga, saneamento e alumeadado público, así como doutros servizos de interese xeral de enerxía eléctrica, telefonía e gas.

A anchura xeral de 16,00 m desexable para a vía provincial en solo de núcleo rural podería verse reducida pola existencia de edificacións continuadas no treito da travesía rural ou por outras causas das establecidas no artigo 23.3 da LEG 8/2013.

Ditas aliñacións oficiais de viario poderán chegar a coincidir coas aliñacións de edificación nos tramos nos que o plan non estableza recuamento frontal respecto á vía por tratarse de edificacións en ordenación aliñada co viario e en contacto co borde da beirarrúa existente ou da prevista, en xeral a 8,00 m do eixe da vía ou á distancia inferior se correspondese a unha aliñación consolidada por edificacións continuadas ou por beirarrúa existente que se mantivera.

Nos casos xustificadas podería reducirse o ancho xeral de 16,00 m previsto da vía a 14,00 ou 12,00 m mediante a supresión dunha ou as dúas bandas de aparcamento, e mantendo unha anchura desexable de 8,00 m entre bordos para os carrís e beiravías de calzada que permitiría o cruzamento de dous vehículos aínda coa presenza doutro estacionado ocasionalmente na vía, se ben sería admisible no caso de edificacións continuadas un semiancho mínimo estrito de 5,00 m entre o eixe e a aliñación de edificación.

Tales reducións do semiancho xeral da aliñación oficial de viario do eixe deberá xustificarse polo grado de continuidade da edificación, ou dos outros supostos establecidos no artigo 23.3 da LEG 8/2013, debendo evitarse que a eventual existencia de edificacións illadas próximas á vía leve a reducir o ancho da aliñación en toda a lonxitude do tramo de núcleo rural.



O caso de ancho mínimo estrito de viario provincial esixible para a súa funcionalidade e seguridade viaria, en treitos puntuais e coa correspondente xustificación pola existencia no ámbito dun núcleo de edificacións continuadas ás que se refire o artigo 23.3 da LEG 8/2013 correspondería a vía de 10,00 m de ancho total entre aliñacións, ou 5,00 m entre o eixe e a liña de edificación máis próxima, podendo estudarse a eventual modificación do trazado do eixe nun tramo da vía dentro do núcleo rural de xeito que manteña a continuidade de trazado nas súas conexións cos tramos non modificados.

A partir do eixe actual da estrada ou do proposto para a súa mellora resultarán definidas as aliñacións xerais de viario a 8,00 m, grafitaranse os treitos en que non afecten a edificacións existentes. Se estas foran continuadas, consolidarán a aliñación correspondente.

Nas edificacións illadas existentes a distancia inferior á aliñación de edificación homoxénea fixada para o treito esta grafitarase con liña de trazos sobre ditas edificacións, coa indicación na lenda do Plano da necesidade de obter autorización previa da Deputación para a realización de obras por diante de dita liña nas condicións da Disposición adicional primeira da LEG 8/2013, resultando autorizables en todo caso as obras de mantemento, conservación e rehabilitación.

A posible existencia de situacións actuais con semiancho viario inferior ao mínimo estrito indicado e cuxas aliñacións pretendan manterse, poderá requirir a previsión no planeamento dunha variante do trazado da vía provincial coa correspondente reserva de terreo en solo rústico e a cláusula de solicitude á Deputación da transferencia de titularidade a favor do Concello do tramo de vía provincial afecta.

Anchuras de viario en solo urbano consolidado.

Para os tramos de vías provinciais que discorran por solo cualificado como urbano consolidado, e coa xustificación derivada do establecido no artigo 23.3 da lei 8/2013, considérase posible aceptar con carácter xeral as propostas de aliñacións contidas no instrumento de planeamento con ancho igual ou superior a 10,00 m, por estimar que se respecta o mínimo estrito correspondente a dous carrís de circulación de 3,00 m de ancho e dúas beirarrúas de 2,00 m, e que tales propostas proceden dun coñecemento detallado das necesidades municipais en cada caso concreto por parte do equipo redactor.

As propostas de ancho inferior a 10,00 m poderán ser susceptibles de xustificación por razóns obxectivas como a existencia de beirarrúas públicas ou de edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación, o cal constituiría o motivo de delimitación do treito de vía como “travesía urbana” conforme ao artigo 8.1 da lei 8/2013.

Consideracións sobre a documentación recibida.

Analizada a documentación recibida, atópanse correctamente relacionadas as estradas de titularidade provincial, diferenciadas nunha cor propia nos planos, e coa súa nomenclatura correcta nos mesmos.

Dispoñen en todos os planos cuadrículas de coordenadas no sistema de referencia ETRS89 UTM29, que servirían como guía para facilitar a identificación de elementos nos mesmos.

Os anchos entre aliñacións de viario son correctas, estado xustificadas os casos nos que se produce redución do mesmo.

Por todo o anteriormente exposto, este Servizo de Vías e Obras propón respecto ao documento presentado, e a efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia no que se refire ás vías de competencia desta Deputación, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1.- Emitir informe sectorial favorable para aprobación inicial do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro presentado, de data novembro de 2022.

2.- Emitir informe favorable ao recoñecemento da delimitación dos treitos urbanos contidos no mesmo, en vías de titularidade provincial, conforme ao artigo 62 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, só terá efectos no momento no que o instrumento de planeamento sometido a informe entre en vigor.”

Por todo o que antecede, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Emitir informe sectorial de estradas favorable para aprobación inicial ao documento remitido polo Concello de Viveiro do PXOM, recibido o 10.11.2022 e Rexistro 2022RPE019952.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



13.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE DECEMBRO DE 2022, DA SOLICITUDE ANTE O MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL, DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACÍONS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Antecedentes.

Primeiro.- O Ministerio de Política Territorial, publica no BOE a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

Á súa vez, con data 02.09.2022, publican no BOE o Extracto da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022.

Finalidade.- O artigo 1 da Orde establece que estas subvencións teñen como finalidade a transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais.

As subvencións están enmarcadas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), instrumento de financiamento orientado aos resultados, fitos e obxectivos indicados no mesmo, que resultan vinculantes para todas as administracións públicas participantes. De maneira específica, estas bases reguladoras dítanse en desenvolvemento do Compoñente 11, Investimento 3, do mencionado PRTR.

As subvencións contempladas nesta orde destinaranse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais que se enmarquen nalgunha das liñas estratéxicas enunciadas no artigo 5.

Beneficiarios.- Entre outros beneficiarios, o artigo 3 inclúe ás deputacións provinciais de réxime común, sendo os destinatarios das actuacións que realicen, nos termos do artigo 5, os municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial, e de acordo coas cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2020.

Obxectivos xerais.- O artigo 5.1 da Orde determina que as actuacións subvencionables terán como obxectivos de carácter xeral:

- a. Mellora da accesibilidade dos servizos públicos dixitais aos cidadáns e empresas.
- b. Redución da fenda dixital.
- c. Mellora da eficiencia e eficacia dos empregados públicos.
- d. Reutilización dos servizos e solucións dixitais construídas.
- e. Utilización activa das tecnoloxías emerxentes no despregamento de novos servizos dixitais (chatbots, automatización e robotización, plataformas, etc).

As actuacións previstas nas liñas estratéxicas coadxuvarán á consecución de todos os ámbitos recolleitos no Obxectivo 168 e no Fito 169 do PRTR.

O artigo 5.2 establece as liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións subvencionables. As liñas estratéxicas son as seguintes:

1. Liña 1. Administración orientada ao cidadán.
2. Liña 2. Operacións intelixentes.
3. Liña 3. Goberno do dato.
4. Liña 4. Infraestruturas dixitais.
5. Liña 5. Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.

O artigo 5.3 determina que as entidades beneficiarias deberán incluír necesariamente na súa proposta un proxecto dentro a liña estratéxica 5, co obxecto de garantir a interoperabilidade dun conxunto mínimo de servizos básicos de administración dixital (registro electrónico, notificacións electrónicas, facturación electrónica e integración de expedientes abertos e cartafol cidadán do sector público estatal).

Así mesmo, o Ministerio aclara nas FAQ que no caso das Deputacións Provincias poderán presentar como máximo 5 proxectos, un por cada liña de actuación.



Importe da axuda.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva. A Orde asigna unha cantidade máxima de axuda por Entidade, calculada en función da poboación e que ven determinada no anexo VII. No caso da Deputación de Lugo a axuda máxima asignada é de 1.588.445,83€.

As subvencións irán destinadas a financiar os proxectos presentados ata o importe máximo que corresponde por entidade. Esgotado ese importe, se procedería á desestimación das restantes solicitudes que a entidade puidera presentar.

Con todo, segundo o artigo 9, no caso de que a entidade beneficiaria non presentase solicitudes polo importe máximo asignado no anexo VII, o importe non solicitado poderá ser distribuído para financiar actuacións presentadas polo resto das entidades beneficiarias que esgotasen o máximo asignado nos termos desta orde. Para ese efecto, o importe non solicitado será prorrateado a partes iguais entre as entidades que presentasen actuacións elixibles por encima do orzamento máximo asignado nesta orde, nos termos previstos na mesma e ata esgotar o importe total recollido.

O financiamento dos proxectos obxecto desta convocatoria poderase complementar coas achegas que realicen as entidades beneficiarias con cargo aos seus orzamentos.

Segundo.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de 2 de decembro de 2022, tras as oportunas consideracións expositivas e informes dos respectivos servizos adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a participación e a aceptación do procedemento regulado na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto e tramitar electronicamente, ante o Ministerio de Política Territorial, a solicitude de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Comunicación e TICs como á Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación esixida polas bases da convocatoria de axudas.

Segundo.- Aprobar os 5 proxectos para os que se solicita a subvención de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais

2. Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.

3. Proxecto 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo

4. Proxecto 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións

5. Proxecto 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles

Terceiro.- Aprobar o orzamento total dos 5 proxectos, por un importe de 7.978.175,83€ , tendo en conta as seguintes consideracións:

a) Os proxectos a desenvolver con cargo á axuda asignada no anexo VII da Orde reguladora, son os que figuran cos números 1 e 2 da orde de prelación sinalada e ascenden a un total de 1.588.445,83€, de acordo co seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
1	Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €	297.000,00€
2	Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos 2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	959.435,38€ 332.010,45 €	1.291.445,83€

b) Os proxectos a desenvolver no caso de resultar beneficiarios do prorrato de sobrantos regulados no artigo 9 da Orde reguladora, son os que figuran cos números 3, 4 e 5 da orde de prelación sinalada e ascenden a un total de 6.389.730,00 €, de acordo co seguinte detalle:



ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
3	Proxecto 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo	LIÑA 2 Operacións intelixentes.	1) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€	1.883.730,00€
4	Proxecto 4. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00€	3.470.000,00€
5	Proxecto 5. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00€	1.036.000,00€
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00€	

Os proxectos 3, 4 e 5 solicítanse baixo a premisa establecida no artigo 9.4 da Orde reguladora das axudas, que contempla un posible reparto de remanentes de cantidades non solicitadas. Recibida a resolución favorable das axudas, de resultar beneficiaria a Deputación de Lugo cunha cantidade inferior ao custo dos mesmos, en función da cantidade asignada e, de acordo coa consulta realizada ante o Ministerio con número de incidencia 1557397 que se incorpora a este expediente, valorarase nese momento renunciar á súa execución ou, de considerarse tecnicamente viable, proceder á reformulación dos proxectos 3, 4 e 5 para adaptalos ás cantidades que no seu caso se concedan.

c) A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos obxecto desta solicitude.

Cuarto- De resultar beneficiaria da axuda, a Deputación de Lugo asume os seguintes compromisos:

a. Dispoñerá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e para garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade.

b. Poñerá a dispor das entidades locais con poboación inferior a 20.000 habitantes do seu ámbito territorial das actuacións desenvolvidas.

c. Ao longo de todo o procedemento, adoptará medidas eficaces e proporcionadas para evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento, e desenvolverá as actuacións que sexan precisas, para dar pleno cumprimento e satisfacción ás obrigacións que corresponden á entidade beneficiaria.

A execución dos proxectos realizarase a través da Servizo de Comunicación e TICs e da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Emprego.

Terceiro.- En cumprimento do acordo adoptado, con data 12 de decembro de 2022 procedeuse á tramitación da solicitude das devanditas axudas na sede electrónica do Ministerio de Política Territorial, creando cinco expedientes de solicitude (un por cada unha das liñas solicitadas).

Cuarto.- Con data 10 de xaneiro de 2023, recíbese requirimento núm. 54510 do Ministerio de Política Territorial en relación co proxecto con número de expediente 499-632879: Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo.

O requirimento a teor literal di:

De conformidade con lo dispuesto en el artículo 15.5 de la Orden TER/836/2022, de 29 de agosto, por la que se aprueban las bases reguladoras de subvenciones destinadas a la transformación digital y modernización de las administraciones de las entidades locales, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, y se efectúa la convocatoria correspondiente a 2022, se requiere a esa Entidad para que remita las subsanaciones y documentación indicadas a continuación, las cuales son necesarias para valorar la solicitud de ayuda presentada:

La presentación de un nuevo resumen ejecutivo para conocer un mayor detalle sobre las actuaciones subvencionables. La propuesta de proyecto presentada no tiene carácter integrador.

Se ha identificado que todas las actuaciones descritas en el apartado de actuaciones financiadas del proyecto corresponden a actuaciones de la Línea estratégica 4: Infraestructuras digitales.

Por ello, se solicita a la entidad la presentación de un nuevo resumen ejecutivo del proyecto donde, siguiendo lo dispuesto en el artículo 16.2 de la Orden TER/836/2022 y el formato de solicitud exigido en la normativa, se agrupen todas las actuaciones que pretenda desarrollar la entidad en la línea estratégica a la que esté vinculada la propuesta de proyecto.



La solicitud de presentación del nuevo resumen ejecutivo del proyecto deberá estar alineada con el último modelo de resumen ejecutivo disponible (https://mpt.gob.es/portal/prtr/transformacion_digital_modernizacion/ayudas_de_transformacion_digital_modernizacion/convocatoria2022.html) y siguiendo el formato de solicitud exigido en la normativa.

La documentación y subsanaciones solicitadas deberán enviarse vía electrónica, a través de la sede electrónica, en el plazo de diez días siguientes a la notificación del requerimiento.

Consideracións.

Primeira.- Para a liña estratéxica 4: Infraestruturas dixitais formulouse un proxecto con orde de prelación 2 e que se denominou Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns. Este proxecto contempla dúas actuacións:

1. Creación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos
2. Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.

O orzamento do devandito proxecto acada un total de 1.291.445,83€ segundo o seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
2	PROXECTO 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38 €
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €

Segundo.- Tal e como consta no expediente de solicitude de axuda e considerando que a presentación de proxectos por riba da cantidade asignada no anexo VII da orde reguladora destas axudas non incumpria nin afectaba ao principio de prudencia financeira nin ao orzamento provincial, solicitouse con orde de prelación 3, o proxecto denominado Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo. Este proxecto contempla unha única actuación consistente na implantación dun sistema de vídeo gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo.

Este proxecto encadrouse na liña estratéxica 2: Operacións intelixentes e acada un orzamento de 1.883.730,00€ segundo o seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
3	PROXECTO 3. Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo	LIÑA 2 Operacións intelixentes.	1) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€

Cómpre sinalar que inicialmente este proxecto solicitouse dentro da liña estratéxica 2: Operacións intelixentes dado que esta liña, segundo se desprende dos documentos publicados polo Ministerio para a solicitude de axudas, subvenciona a incorporación de tecnoloxías baseadas na intelixencia artificial, na xestión intelixente de procesos, robotización de procesos ou similares. Din: “se trata de tecnoloxías fundadas en sistemas de aprendizaxe basados en regras específicas automatizadas. Las tecnoloxías indicadas contemplan elementos software que buscan aprender y replicar tareas de un perfil de usuario en un entorno predefinido”.

Así mesmo, aclaran:

¿Los procesos internos susceptibles de automatización se proponen por cada entidad?

Cada entidade local deberá motivar a partir del análisis cuantitativo el impacto que el proyecto de automatización tiene sobre el grado de mejora de los procesos de gestión interna de la entidad. Se recomienda priorizar los proyectos de automatización con impacto directo en la prestación de los servicios a los ciudadanos más utilizados, así como, en la medida de lo posible, se atender también los procesos de gestión interna susceptibles de automatización.

Toda vez que a gravación das sesións plenarias supón a implantación de software que atenda aos procesos de xestión interna (sesións plenarias) susceptibles de automatización, considerouse esta liña a máis apropiada para o proxecto proposto.

Terceiro.- O órgano responsable da concesión de axudas entende, e así o manifesta no requirimento que se menciona no antecedente cuarto da presente proposta, que todas as actuacións financiadas dentro do proxecto con orde de prelación 3: Automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais dos concellos da provincia de Lugo se corresponden con actuacións da liña estratéxica 4: infraestruturas dixitais. Esta liña estratéxica foi na que se encadrou o proxecto



con orde de prelación 2: Concellos da provincia de Lugo resilientes e creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns.

Hai que sinalar a este respecto que nos documentos publicados polo Ministerio para aclarar dúbidas sobre esta convocatoria de axudas, indícase que as Deputacións poderán presentar ata cinco proxectos, un por cada unha das liñas estratéxicas. En cumprimento destas instrucións do Ministerio, a Deputación de Lugo presentou a esta convocatoria 5 proxectos, un por cada unha das liñas estratéxicas previstas no artigo 5.2 da Orde TER/836/2022.

Tendo en conta que na mencionada orde reguladora destas axudas establécese que os proxectos terán carácter integrado, de modo que agruparán todas as actuacións subvencionables que pretenda desenvolver a entidade na liña estratéxica á que estea vinculado e considerando o sinalado no parágrafo anterior, para axeitar o acordo inicial da Xunta de Goberno ao requirimento do Ministerio, cómpre modificar este acordo integrando nun único proxecto, as actuacións previstas para os proxectos con orde de prelación número 2 e número 3, e encadrar este único proxecto dentro da liña estratéxica 4: infraestruturas dixitais

Este proxecto conxunto levaría como denominación: Proxecto 2: Concellos da provincia de Lugo resilientes. creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación dun sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais.

Esta modificación non afecta nin as cantidades aprobadas nin as actuacións propostas e os prazos de execución inicialmente previstos.

Polo anteriormente exposto, coa finalidade de dar cumprida resposta ao requirimento practicado onde se solicita a presentación dun novo resumo executivo do proxecto onde se agrupen todas as actuacións que pretenda desenvolver a entidade na liña estratéxica á que este vencellada a proposta de proxecto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, esta Presidencia propón á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1º.- Modificar os puntos segundo e terceiro do acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, en relación á solicitude, ante o Ministerio de Política Territorial, das subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións públicas das entidades locais, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, que quedarán redactados nos seguintes termos:

“Segundo.- Aprobar os 4 proxectos para os que se solicita a subvención de acordo coa seguinte orde de prelación:

1. Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais

2. Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación dun sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais.

3. Proxecto 3. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións

4. Proxecto 4. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles

Terceiro.- Aprobar o orzamento total dos 4 proxectos, por un importe de 7.978.175,83€ , tendo en conta as seguintes consideracións:

a) O anexo VII da orde reguladora destas axudas establece unha cantidade máxima de axuda para a Deputación de Lugo de 1.588.445,83€.

Esta cantidade máxima asignada esgotaríase coa execución do proxecto con orde de prelación 1 e coa execución das actuacións 1) e 2) do proxecto con orde de prelación 2. O total dos proxectos con orde de prelación 1 e 2 ascende a 3.472.175,83 €, de acordo co seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
1	Proxecto 1. Adecuación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e mellora da eficiencia dos servizos básicos da administración dixital dos concellos da provincia de Lugo a través da integración cos principais servizos e ferramentas de interoperabilidade municipais	LIÑA 5 (obligatoria) Interoperabilidade de servizos básicos de administración dixital.	1) Integración da e-administración dos concellos cos servizos da AGE	297.000,00 €	297.000,00€
2	Proxecto 2. Concellos da provincia de Lugo resilientes. creación de oficinas municipais de prestación de servizos electrónicos aos cidadáns e implantación dun sistema de automatización e dixitalización das sesións plenarias municipais.	LIÑA 4 Infraestruturas dixitais	1) Implantación de postos de traballo intelixentes para mellorar a resiliencia dos concellos	959.435,38€	3.175.175,83€
			2) Creación de oficinas de asistencia en materia de rexistro.	332.010,45 €	
			3) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo	1.883.730,00€	



De acordo co exposto, no proxecto con orde de prelación 2, a cantidade asignada á actuación 3) Implantación dun sistema de gravación das sesións plenarias dos concellos da provincia de Lugo, solicítanse baixo a premisa establecida no artigo 9.4 da Orde reguladora das axudas, que contempla un posible reparto de remanentes de cantidades non solicitadas. Recibida a resolución favorable das axudas, de resultar beneficiaria a Deputación de Lugo cunha cantidade inferior ao custo proposto, en función da cantidade asignada e, de acordo coa consulta realizada ante o Ministerio con número de incidencia 1557397 que se incorpora a este expediente, valorarase nese momento renunciar unicamente á executar esa actuación concreta, ou de considerarse tecnicamente viable, proceder á reformulación do proxecto con orde de prelación 2 para adaptalo á cantidade que no seu caso se conceda.

b) Os restantes proxectos a desenvolver no caso de resultar beneficiarios do prorrateo de sobrantes regulados no artigo 9 da Orde reguladora, son os que figuran cos números 3 e 4 da orde de prelación sinalada e ascenden a un total de 4.506.000,00 €, de acordo co seguinte detalle:

ORDE PRELACIÓN	NOME PROXECTO	LIÑA	ACTUACIÓNS	ORZAMENTO ACTUACIÓNS	TOTAL PROXECTO
3	Proxecto 3. Democratización no acceso á información das vías intermunicipais da provincia de Lugo e sistema de apoio á toma de decisións	LIÑA 3 Goberno de dato	1) Dixitalización da rede viaria, implantación dun sistema intelixente de información de tránsito viario, implantación dunha ferramenta de xestión integrada sobre a rede viaria e implantación dun cadro de mando integral para a axuda a toma de decisión sobre a rede viaria.	3.470.000,00€	3.470.000,00€
4	Proxecto 4. Concellos da provincia de Lugo abertos, transparentes e accesibles	LIÑA 1 Administración orientada ao cidadán	1) Accesibilidade web. Implantación de ferramentas que faciliten o acceso ás webs institucionais	508.000,00€	1.036.000,00€
			2) Transparencia orzamentaria	528.000,00€	

Os proxectos 3 e 4 solicítanse baixo a premisa establecida no artigo 9.4 da Orde reguladora das axudas, que contempla un posible reparto de remanentes de cantidades non solicitadas. Recibida a resolución favorable das axudas, de resultar beneficiaria a Deputación de Lugo cunha cantidade inferior ao custo dos mesmos, en función da cantidade asignada e, de acordo coa consulta realizada ante o Ministerio con número de incidencia 1557397 que se incorpora a este expediente, valorarase nese momento renunciar á súa execución ou, de considerarse tecnicamente viable, proceder á reformulación dos proxectos 3 e 4 para adaptalos ás cantidades que no seu caso se concedan.

c) A Deputación de Lugo non contempla neste acordo achega algunha con cargo ao seu orzamento para complementar o financiamento dos proxectos obxecto desta solicitude.”

Faise constar expresamente, que esta modificación non afecta nin as cantidades aprobadas inicialmente nin as actuacións propostas e os prazos de execución previstos no acordo adoptado pola Xunta de Goberno sesión ordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022.

2º.- Contestar ao requirimento do Ministerio de Política Territorial número 54510 solicitando a emenda da solicitude realizada pola Deputación de Lugo para o proxecto con número de expediente 499-632879, nos termos adoptados no presente acordo. Facúltase para a realizar este trámite tanto ao Servizo de Comunicación e TICs como á Sección de Innovación e Participación Cidadá da Área de Promoción Económica e Emprego co obxecto de que presenten na sede electrónica correspondente toda a documentación requirida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO AO OBXECTO DE SELECCIONAR INTEGRANTES PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE TÉCNICO/A XESTIÓN, PARA PRESTAR SERVIZOS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).



Visto que non hai vixente unha listaxe de emprego temporal de técnico/a de xestión, na que existan efectivos que poidan incorporarse a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a entidade cree a citada listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de Técnico/a de Xestión, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, de persoal laboral segundo o art. 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexeran o procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 289/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 289/2022-C seguido a instancia de D. Luis Rodríguez Díaz “contra la desestimación por Resolución notificada en fecha de 29/08/2022...,” en materia de responsabilidade patrimonial, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 302/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:



“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 302/2022-L seguido a instancia de D. Manuel Jesús Gayoso Real fronte “...a la Diputación Provincial de Lugo debido a la desestimación de la reclamación de responsabilidad patrimonial; recurso contencioso interpuesto contra la resolución de fecha 4-7-2022 dictada en dicho expediente por la Diputación Provincial de Lugo..”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 314/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado 314/2022-P seguido a instancia de D. Antón Rodríguez Prieto e Confederación Intersindical Galega fronte á Deputación no que se impugna o seguinte acto administrativo: “Resolución da Presidencia de 16 de agosto de 2022 (notificada a esta parte en data 18/8/2022) que acorda desestimar o recurso de reposición de D. Antón Prieto Rodríguez, contra a resolución de 20 de xuño de 2022, pola que se modifican os horarios de traballo nos Museos

Provinciais (Museo de Lugo, Museo Pazo de Tor, Museo de San Paio de Narla e Museo do Mar), ó persoal empregado nos mesmos.”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 320/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 320/2022/S seguido a instancia de Allianz contra “la desestimación por silencio administrativo, de la reclamación patrimonial interpuesta, por la cantidad de 10.741,35 euros...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.